

GAÑEMOS
UN CONCELLO ABERTO



PROGRAMA

#ÍNDICE

#LIMIAR 05

#UN CONCELLO PARTICIPATIVO 07

#UN CONCELLO PARA AS PERSOAS 13

POLÍTICAS SOCIAIS BENESTAR E SAÚDE 13

ÁREA DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 18

RETOS CULTURAIS DA CANDIDATURA PARA A LEXISLATURA 19

UNHA PROPOSTA DE POLÍTICA EDUCATIVA MUNICIPAL 24

LAICIDADE 29

LINGUA 30

COMPOSTELA ABERTA Á MOCIDADE 38

COMPOSTELA ABERTA AO DEPORTE. UN CONCELLO EN BOA FORMA. 39

#UN CONCELLO PARA VIVIR 43

COMPOSTELA ABERTA Á MOBILIDADE, AO URBANISMO E Á VIVENDA 43

COMPOSTELA ABERTA Ó RURAL 48

UNHA PROPOSTA DE POLÍTICA TURÍSTICA 50

#UN CONCELLO SUSTENTABLE. 57

BENESTAR ANIMAL. 63

#UN CONCELLO PARA O BEN COMÚN 67

ECONOMÍA E FACENDA 67

#LIMIAR

Compostela Aberta preséntase diante da veciñanza de Santiago como a alternativa precisa para construír entre todas e todos un Concello transparente, no que a participación cidadá sexa un motor primordial da acción de goberno. Que teña en conta as necesidades da xente, mellorando os servizos sociais e atendendo ás necesidades daquelas persoas que o están a pasar peor pola crise económica que padecemos.

Queremos que a nosa cidade sexa coñecida como a capital de Galicia, como referente da cultura de vangarda, e non como a capital do desgobeno propiciada por esta última lexislatura na que saíu minguada a imaxe do concello, na que a maioría da corporación estaba formada por concelleiros e concelleiras non eleitos nin eleitas. Un dos nosos primeiros compromisos consiste en que, nin por activa nin por pasiva, imos permitir a continuidade do PP no noso concello. A democracia comeza no cercano, e nós traballamos para achegar luz, ética, transparencia, participación e poder decisorio para a cidadanía. Por iso apostamos firmemente por sermos alternativa de goberno e recuperar así o pazo de Raxoi para a xente.

Apostar pola idea da “Gran capital”. Entendemos que o Concello debe mellorar as sinerxías co seu contorno, pondo o benestar das xentes da nosa comarca por diante das fronteiras administrativas. Non estamos a falar necesariamente da fusión de concellos, senón que entendemos que existen realidades que non podemos deixar pasar. Existe un día a día compartido en concellos como Teo, Ames e Santiago polo que temos a necesidade de xerar unha colaboración intensa en retos centrais como poden ser a ampliación e mellora de servizos públicos. A aposta pola “Gran Capital” ten tamén outra dimensión, desta volta interna, que pretende mellorar Santiago na súa mobilidade, na aposta por políticas sociais que atendan ás necesidades da xente, e que lle devolva a centralidade como motor cultural. Unha cidade moderna e innovadora, laica e que loite pola igualdade, que recupere a luz que sempre tivo despois destes longos catro anos de privatización partidaria e de escuridade.

Apostar por outra fiscalidade para Santiago. Nun momento no que 18.000 veciños e veciñas están nunha situación de risco de exclusión social, entendemos que o prioritario é situar antes doutros gastos as necesidades das persoas. Cómpre recuperar a idea de ben público no goberno, apostando pola regulación en función dunha serie de normas éticas verificables, avaliáveis e sancionables. Por iso, a nosa primeira acción de goberno será realizar unha auditoría da débeda pública do Concello e da situación na que se atopan as concesións que externalizan as diferentes concesionarias de servizos públicos para ver se de verdade están a servir ao interese xeral. No caso de que se detecten incumprimentos na condición deses servizos públicos, a nosa aposta consistirá en iniciar un proceso de remunicipalización de servizos públicos para evitar que intereses privados se sitúen por diante do Ben Común.

Así mesmo, somos conscientes de que a facenda municipal foi comprometida por unha dobre política: Por unha banda, os sucesivos gobernos dos últimos anos liberaron ás rendas altas e aos multipropietarios de tributar conforme á súa elevada capacidade económica, mentres que apostaban por figuras fiscais indirectas que gravaban por igual a todo o mundo, sen ter en conta os seus ingresos. Entendemos polo tanto, que hai que mudar a relación a esta problemática, apostando tamén por harmonizar no rural de Santiago a diferenza escandalosa que existe entre o pagamento de impostos e o goce de servizos, en comparación coa poboación urbana.

O programa que presentamos foi elaborado coa participación da xente, e nel condénsase unha acción de goberno destinada a transformar non só a estrutura institucional, senón tamén a forma de gobernar, esencial para que as políticas que se leven a cabo respondan aos intereses xerais da cidadanía. Dende Compostela Aberta consideramos a rendición de contas como un dos principios reitores da nosa acción de goberno.

Durante as últimas semanas e meses fixemos un esforzo de achegarnos aos barrios e aos lugares de Santiago, para preguntarlle á veciñanza que Concello quere. Ese esforzo non remata coa campaña electoral, senón que será un dos mecanismos fundamentais para establecer un diálogo

permanente e directo entre a cidadanía e a institución.

Apostamos por un traballo permanente de fiscalización da acción de goberno por parte da veciñanza, que sirva para atender as demandas e explicar as decisións que se tomen. Dando a cara sempre, explicando as medidas que se toman e tendo sempre presente as novas demandas que poidan aparecer. Xa neste programa definimos a idea de Concello que queremos partindo das achegas sobre as diferentes eivas que as veciñas e veciños nos foron trasladando neste proceso de diálogo permanente.

Para nós a participación dista moito de ser unha idea recorrente de marketing electoral, ou un dispositivo para activar antes dos comicios electorais. Para nós a participación real da veciñanza é un elemento central do concello que queremos, que aposta verdadeiramente polo empoderamento da xente e que pretende nutrirse del para a súa acción de goberno.

Nese sentido, o presente programa non é un punto e final. Se ben nel se atopa a nosa aposta política para as municipais de maio de 2015, o seu proceso mancomunado de elaboración e de participación non remata coa campaña electoral; os diferentes grupos sectoriais, xunto cos encontros nos barrios e lugares, farán parte da elaboración colectiva das liñas estratéxicas do futuro goberno da nosa cidade.

#UN CONCELLO PARTICIPATIVO

Democracia participativa para dar poder a cidadanía compostelá para transformar a forma de gobernar o Concello

Reto 1. Devolver o concello á cidadanía

Reverter a orde establecida mediante unha transformación democrática do Concello, coa fin de ir poñendo os piares dunha forma de gobernar diferente, asentada na garantía de dereitos de cidadanía para os veciños e as veciñas de Compostela, así como fundamentada nos principios da democracia participativa.

Un novo deseño institucional que dea significado ao desexo non só de limpeza democrática, de recuperación da ética no espazo público, senón que estableza as estruturas de participación e toma de decisión da cidadanía no día a día do concello de Compostela. Trátase en definitiva da participación directa dos veciños e veciñas de Santiago en decisións políticas importantes, mais tamén no gozo de bens e servizos en condicións de equidade e equilibrio.

Liña Estratéxica 1: Recuperar a ética no goberno do Ben Común: Control cidadá da representación pública

Acción 1.1. Controlar estritamente do patrimonio público durante o exercicio das súas obrigas representativas.

Acción 1.2. Publicar obrigatoriamente o patrimonio de todas as persoas con representación pública.

Acción 1.3. Vixiar a natureza dos incrementos patrimoniais durante o exercicio do cargo.

Acción 1.4. Limitar salarialmente segundo o estipulado no código ético de Compostela Aberta. Supresión dos complementos por exercicio do cargo público.

Acción 1.5. Controlar o absentismo do cargo público e sancións por deixación de funcións. Render de contas da súa actividade pública.

Acción 1.7. Marco estrito de incompatibilidades durante o exercicio do cargo público.

Acción 1.8. Establecemento de medidas contra o transfuguismo.

Acción 1.9. Revogabilidade do cargo público.

Acción 1.10: Respetar de forma escrupulosa o Código ético de Compostela Aberta.

Acción 1.11: Publicación das axendas de traballo de todos os concelleiros e concelleiras.

Liña Estratéxica 2: Recuperar a ética no goberno do Ben Común: Dereito de acceso á información.

Acción 2.1. Exercicio do pleno dereito de acceso á información para toda a veciñanza do municipio.

Acción 2.2. Información pública de todos os asuntos que afectan á xestión do ben público do

municipio. En especial ós orzamentos e á execución de ditos orzamentos (nesto último, con periodicidade trimestral)

Acción 2.3. Aplicación dos principios da accesibilidade universal para o acceso á información municipal nos diversos formatos comunicacionais.

Acción 2.4: Elaboración dun plan de uso de “software libre” no concello de Santiago.

Acción 2.5: Publicación na web a través do Sistema de información xeográfico municipal (SIX) todas as licenzas e permisos que afecten ao territorio.

Liña Estratéxica 3: Recuperar a ética no goberno do Ben Común: Revisión normativa municipal conforme aos principios de redistribución da riqueza, da xustiza social e da equidade

Acción 3.4. Revisión crítica nos órganos de participación cidadá da diferente normativa municipal reguladora da vida no municipio, coa fin de introducir os parámetros da ética do ben común e da democracia participativa.

Acción 3.5. Recuperar a centralidade do Pleno do Concello como órgano decisorio.

Acción 3.6. Regular o Pleno do Concello que garanta a participación, información, control e capacidade propositiva dos grupos municipais, así como a participación da cidadanía e das asociacións e entidades do municipio.

Acción 3.7. En canto se dean as condicións para que iso sexa posible, os contratos serán adoptados polo Pleno. Para iso será necesario, como mínimo, unha auditoría da débeda do concello e das concesións que operan con servizos públicos.

RETO 2: Crear cidadanía mediante a democracia participativa

Compostela Aberta quere afondar en democracia, en certo modo, desafiando os atrancos normativos e antimunicipalistas da Lei 27/2013 (Estado) e da Lei 5/2014 (Galicia).

Compostela Aberta quere facer de Compostela un concello democrático, con mecanismos de participación e espazos de decisión da cidadanía, así como previsións de recuperación de servizos públicos non só para o ben dos cidadáns, senón tamén para instaurar unha nova forma de xestionar o público a través da cidadanía e confrontar así un modelo privatizado, especulativo que sitúa orzamentos e xestión baixo a pouta de empresas privadas.

A Democracia Participativa é a mellor ferramenta para impulsar a limpeza e a ética, para evitar irregularidades contractuais, para impedir o xurdimento da corrupción, e, en primeira instancia, para que todos e todas desenvolvamos as nosas capacidades e dereitos para intervir e codecidir nos asuntos públicos do municipio.

A democracia participativa require dunha modificación das estruturas de goberno e de decisión, así como unha forma de goberno que transversaliza toda a vida política do Concello.

Liña estratéxica 1: Crear e formar un novo imaxinario democrático asentado na participación e na responsabilidade de decidir. Un concello para a cidadanía.

Acción 1.1. Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, así como sobre o funcionamento de toda a súa estrutura institucional, dos diferentes órganos de goberno e participación e de servizos á cidadanía.

Acción 1.2. Promover e garantir a participación da cidadanía e das entidades, colectivos e asoci-

accións cidadás na xestión municipal, sen prexuízo das facultades de decisión correspondentes dos órganos municipais representativos.

Acción 1.3. Facer efectivos os dereitos de cidadanía.

Acción 1.4. Fortalecer a vida asociativa do concello a través dos distritos de barrio e parroquia.

Acción 1.5. Achegar a xestión municipal á cidadanía para melloralala nos seus parámetros de servizo público.

Acción 1.6. Garantir a solidariedade e o equilibrio entre os distintos distritos do termo municipal e dentro de cada un destes, para que ningún barrio ou parroquia teña a sensación de que existen zonas de privilexio e zonas infravaloradas nas accións do goberno municipal.

Acción 1.7. Na medida das posibilidades, o Concello promoverá a radio e/ou televisións locais en tanto que servizo público dirixido a empoderar a cidadanía e dar conta das diferentes formas de participar na vida do Concello.

Liña estratéxica 2: Crear un novo Regulamento de Participación Cidadá

Acción 2.1. Elaboración dunha **Carta de dereitos de veciños e veciñas** para garantir a participación e a decisión da veciñanza na xestión dos asuntos do Concello. Dita Carta integrará, cando menos, os seguintes dereitos de participación e sempre desde un enfoque de equidade, solidariedade, cooperación e inclusión social:

1. Dereito de participación.
2. Dereito á información.
3. Dereito de petición.
4. Dereito de audiencia.
5. Dereito de iniciativa.
6. Dereito de queixa e suxestión.
7. Dereito de intervención.
8. Dereito á consulta popular ou referendo.
9. Dereito ao asociacionismo e ao cooperativismo.
10. Dereito ao acceso e uso das Tecnoloxías da Información e a comunicación.
11. Dereito de reunión.

Acción 2.2: Elaboración dun protocolo para establecer o dereito ás consultas públicas refrendarias.

Liña estratéxica 3: Artellar un novo modelo de organización municipal

A conformación da democracia participativa require dunha nova estrutura orgánica que incida na transversalidade que emana da participación.

Acción 3.1. Crear unha delegación de participación cidadá

Crear na estrutura orgánica do Concello unha delegación de participación cidadá para dar resposta á transversalidade que en esencia ten a democracia participativa. Entre as súas funcións está velar polo correcto funcionamento das canles de participación que se establezan no Regulamento e polas axeitadas relacións entre os órganos de participación cidadá e o Concello.

Acción 3.2. Dispor dunha Oficina de atención cidadá

Tratar nun nivel primario a información municipal que atenda as peticións e consultas da cidadanía e dos colectivos e entidades, tanto presencial coma telefónica ou telemática. Terá función de rex-

istro de peticións, queixas, suxestións, iniciativas e propostas, así como a realización dos trámites administrativos que se determinen.

Acción 3.3. Canles de información públicas para a participación

Habilitaranse a través de diversos soportes diferentes canles para a divulgación de información. O Concello habilitará espazos de internet que sirvan non só para a realización de trámites burocráticos, senón para dinamizar a participación da cidadanía.

Acción 3.4. Creación do Rexistro municipal de entidades cidadás.

Liña estratéxica 4: Facer cidadanía a través da participación

Acción 4.1. O Concello promoverá as **memorias participativas** en proxectos municipais que teñan unha incidencia directa sobre a tipoloxía e natureza dun barrio, dunha parroquia, dun distrito ou da cidade.

Acción 4.2. O concello desenvolverá o **proceso de formación** necesario do persoal para atender de forma correcta aos procedementos normativos e funcionais da democracia participativa.

Acción 4.3. O Concello elaborará un **Plan de formación cidadá**.

Acción 4.4. Establecemento e respecto da **integralidade do proceso participativo** que, de forma necesaria, pasará polas seguintes fases: información; debate cidadán; devolución; execución; revisión e avaliación.

Acción 4.5. Artellarase un modelo de **mediación veciñal** para a resolución de pequenos conflitos de convivencia.

Liña estratéxica 5: Creación de órganos e mecanismos de participación.

Acción 5.1. Pola súa historia, por respecto á súa memoria activista, por seren xérmolo da defensa dos intereses dos barrios, das parroquias e do concello, as asociacións veciñais vencelladas a estes espazos son estruturas básicas de participación, e serán esenciais á hora de implantar a democracia participativa e de consolidar as novas formas de gobernar e vivir a política no concello.

Acción 5.2. O Concello, en función do acordado no **Consello municipal de cidadanía**, determinará como se integran as estruturas básicas de participación en estruturas territoriais de máis extensión, mais de trazos compartidos. Un exemplo poderían constituír os barrios da Almáciga, Basquiños, Bonaval e San Pedro, que poderían conformar un distrito.

Acción 5.3. Cada distrito terá dúas estruturas de participación cidadá permanente, o **Consello de distrito** e a **Asemblea de distrito**, cuxas funcións serán determinadas mediante o Regulamento de Participación Cidadá.

Acción 5.4. Crearanse **Observatorios locais de participación** para determinar a situación da realidade participativa no distrito ao que se vencelle e propoñer as melloras que se determinen como precisas.

Acción 5.5. De forma paralela, o Concello creará as **Xuntas municipais de distrito**, como elo relacional coas estruturas básicas de participación, os consellos e asembleas de distrito e o Concello.

Acción 5.6. Crearanse **Consellos sectoriais** para aqueles asuntos que afectan a un eido determina-

do: saúde, educación, mocidade, igualdade, persoas con diversidade funcional, persoas migrantes, etc. Un dos máis importantes, sen dúbida, será a creación do Consello da infancia e da adolescencia.

Acción 5.7. O **Consello municipal de cidadanía** será o órgano de participación cidadá que analiza a situación do concello de Compostela en toda a súa extensión e en calquera dos sectores e que propón e coordina as accións de mellora en todo o territorio.

Acción 5.8. A **Asemblea do Concello** é a máxima estrutura de participación cidadá do Concello.

Acción 5.9. Todos os órganos de participación cidadá deben ser estables, permanente e cumprir os obxectivos e funcións para os que foron creados e segundo se formule no Regulamento. Por iso, son precisos mecanismos de participación básicos: **a) Interlocución necesaria; b) toma de posición; c) coxestión** (intervención da cidadanía na execución de actuacións, servizos ou programas); **d) autoxestión** (autonomía da cidadanía na execución de actuacións, servizos ou programas, sendo responsable das decisións a cidadanía); e) **Intervención** en órganos municipais; f) **Asemblea Cidadá**.

Acción 5.10. Orzamentos participativos, como ferramenta de corresponsabilidade, de codecisión, que se elaborarán tendo en conta as estruturas orgánicas de participación e que sirvan para planificar un Concello de Santiago Compostela máis xusto e solidario, e de redistribución da riqueza e contribúa a cohesionar socialmente todo o Concello.

Acción 5.11. Promover a participación da cidadanía en empresas municipais e organismos autónomos non só nos procesos de información, consulta e reclamación, senón tamén que se promoverá a participación nos seus órganos de dirección.

#UN CONCELLO PARA AS PERSOAS

POLÍTICAS SOCIAIS BENESTAR E SAÚDE

Pensamos que as políticas sociais e de saúde deben ser públicas, universais, de calidade, integrais e solidarias, con orzamentos suficientes que garantan a xestión pública directa, cun catálogo de servizos e prestacións axeitados e suficientes para atender a diversidade de demandas sociais, priorizando os programas de prevención, promoción e desenvolvemento da autonomía persoal e saúde.

1. INTEGRACIÓN/INCLUSIÓN/NORMALIZACIÓN

O Concello, como servizo público e como institución máis achegada a vida cotiá promoverá e garantirá políticas de integración e normalización dos dereitos de todas as persoas. Trátase de que todas as persoas que vivan, traballen ou se acheguen a Compostela poidan desfrutar de todos os recursos e servizos que lle permitan levar unha vida digna.

O principio de integración/inclusión/normalización recoñece que todas as persoas teñen dereitos lexítimos que o Concello ten que recoñecer e garantir, para que as persoas poidan incorporarse con normalidade ao grupo de referencia e enriquecelo coa súa participación en pé de igualdade. Para iso utilizaremos medios e recursos suficientes para facilitar que as condicións de vida (ingresos, vivenda, servizos básicos, servizos educativos e de saúde...) sexan equiparables ás do cidadán medio e cidadá media e permitan o maior desenvolvemento das capacidades e competencias persoais.

2. ACCESIBILIDADE/PROXIMIDADE

Desde o concello temos que desenvolver, mellorar ou recuperar recursos e servizos que garantan o benestar de todas as persoas que por residencia, traballo, estudos ou tránsito, son veciñas e veciños da cidade, e debe facelos próximos e accesibles, isto é que estean directamente ligados ás súas necesidades e sexan de doado acceso, transparentes, comprensibles e sinxelos no acceso e xestión.

3. TRANSVERSALIDADE/COORDINACIÓN

O Concello ten a obriga de atender as necesidades básicas da cidadanía, a través da promoción da saúde e a prestación de servizos sociais, sen delegar a súa responsabilidade en entidades privadas. Esta asunción de responsabilidades traerá a colaboración e coordinación cos distintos departamentos municipais, os axentes sociais do concello, tecido asociativo e movemento cidadán, particularmente coas entidades do terceiro sector que no ámbito da loita contra a pobreza e exclusión acumulan un coñecemento experto, e que complementarán as actuacións que leve a cabo a institución municipal.

O principio de transversalidade concretase na coordinación e corresponsabilidade política e técnica na loita contra todas as formas de exclusión e discriminación, implicando a todas as áreas municipais, concellos limítrofes, outras institucións públicas, nomeadamente a Xunta de Galicia e a Consellería de traballo e benestar, e as ONG's implicadas na loita contra a pobreza e exclusión en Santiago de Compostela e no desenvolvemento de políticas públicas de saúde e benestar.

4. AUTONOMÍA/EMPODERAMENTO

As políticas municipais estarán dirixidas a que todas as persoas, particularmente as persoas en situación de maior vulnerabilidade, desenvolvan as capacidades e competencias persoais para afrontar, controlar e tomar decisións propias sobre como vivir e como participar na vida social. As políticas municipais garantirán o acceso a recursos e servizos para superar as situacións de desigualdade e discriminación que anulan ou dificultan o desenvolvemento persoal e social e garantirán condicións de vida e de saúde que faciliten o empoderamento persoal para transformar a vida persoal, asumir as propias responsabilidades persoais e sociais e contribuír á vida na cidade.

5. PARTICIPACIÓN/TRANSPARENCIA/CORRESPONSABILIDADE

Calquera proposta estratéxica ou acción, tanto sexa de posta en marcha ou recuperación dun servizo social, como a mellora dos xa existentes, é obrigatorio que xurda coa participación cidadá. A través dos mecanismos de democracia participativa que se creen no concello, sempre abrirá, durante o tempo que sexa necesario, o proceso participativo ás persoas, colectivos e entidades do terceiro sector da cidade que queiran colaborar, tanto para coñecer a realidade como para entre todas e todos conseguir as mellores solucións para os problemas existentes no concello.

Ademais comprometémonos a ser transparentes e a reneir contas elaborando Informes de impacto social das diferentes propostas legislativas, mantendo audiencias periódicas coas entidades e colectivos cidadáns particularmente cos que estean en situación de vulnerabilidade ou emerxencia social e garantindo a transparencia das actuacións municipais e asumindo a responsabilidade política que corresponda en caso de denuncia ou imputación xudicial, e en calquera caso adoptar todas as medidas precisas para reparar os posibles danos causados.

6. SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE E SOCIALMENTE RESPONSABLES

Comprometémonos á defender os servizos públicos garantindo unha xestión pública, directa e participativa das áreas de goberno baixo a nosa responsabilidade. Neste sentido o desafío e desenvolver un modelo de xestión municipal directo no que tomen parte os cidadáns e as cidadás co obxectivo de que se teña un control máis rigoroso dos procesos e se garanta unha contratación pública socialmente responsable, que introduza en todas as licitacións públicas locais cláusulas sociais que favorezan a inclusión, o emprego a accesibilidade e a economía de iniciativa social local.

RETOS/ O CONCELLO QUE QUEREMOS:

Un Concello máis igualitario e xusto

Queremos un concello sen pobreza, sen discriminacións, máis xusta e igualitaria, que incorpore ás diversidades para aproveitar o potencial de todas as persoas e colectivos. As políticas municipais dirixiranse á avanzar na loita contra a pobreza, á promoción da saúde e o fortalecemento da autonomía e benestar, garantindo a todas as persoas o acceso aos recursos e servizos básicos para desenvolver o seu proxecto de vida no concello de forma digna.

- Sumarnos á proposta da Rede galega contra a pobreza e incrementar o investimento social até 110€/habitante/ano.
- Elaborar un plan municipal de loita contra a pobreza e exclusión social que teña como primeiro obxectivo a erradicación da pobreza infantil e garanta o acceso a todas as nenas e nenos aos recursos socio-educativos, culturais e de ocio.
- Crear un Fondo local contra a exclusión social e pobreza.
- Desenvolver un Plan municipal de atención a situacións de emerxencia social.
- Asegurar que cada persoa en risco de pobreza ou exclusión dispón dun profesional de referencia

que facilite o seu acceso ás prestacións sociais e que coordine os diferentes servizos que puideran existir no territorio.

- Facilitar vivenda a persoas en situación de despexo e emerxencia social, en colaboración coa **Axencia municipal de vivenda pública**.
- Dotar unha partida orzamentaria para axudas pagamento hipoteca ou alugueiro a persoas en situación de risco e/ou exclusión social.
- Crear unha bolsa para axuda ao pagamento de servizos municipais básicos (auga, IBI, lixo, transporte público, comedores escolares, programas de conciliación, servizos deportivos e de lecer...)
- Crear o Servizo municipal de atención integral a persoas sen fogar.
- Desenvolver un sistema de tarxeta de acceso a recursos e servizos básicos para persoas en risco de exclusión social.
- Definir estratexias e adoptar medidas concretas contra a feminización da pobreza e desigualdade de xénero no mercado de traballo.
- Elaboración dunha guía de recursos e itinerarios de acceso a servizos dirixidos á persoas en risco social.

UN CONCELLO AMIGABLE PARA AS PERSOAS MAIORES

Cando nos referimos á unha concello/barrio amigable cos maiores e as maiores estamos seguindo as directrices marcadas pola OMS no sentido de pensar o concello como un lugar saudable que promove a autonomía e participación dos nenos e maiores, optimizando as oportunidades de saúde, participación e seguridade coa finalidade de mellorar a calidade de vida de todos os cidadáns e todas as cidadás.

- **Incorporarse á Rede mundial de cidades amigables cos maiores**
- Elaboración e posta en marcha dun Plan de accesibilidade para persoas maiores, respecto principalmente de uso de espazos públicos e servizos de transporte e comercio.
Crear un Foro de persoas maiores, que funcione como organismo consultivo e asesor do goberno municipal.
- Desenvolver un Plan municipal de avellentamento activo.
- Elaboración dunha guía de recursos, servizos e programas específicos para persoas maiores

UN CONCELLO INTEGRADOR DAS DIVERSIDADES

Un concello inclusivo pon en valor a diversidade humana (étnica, cultural, funcional, ...) e fortalece o recoñecemento, respecto e aceptación das diferenzas, aprendendo a convivir e construír xuntos e xuntas un modelo de oportunidades (non sempre iguais) para todos e todas. Isto implica un concello e onde cada un e cada unha é responsable da calidade de vida e benestar do outro e a outra aínda que o outro ou outra sexa moi diferente, porque o valor da diferenza e a importancia da incorporación/inclusión para construír concello máis diversos e complexas pero tamén máis xustos e ricos.

Diversidade étnica e cultural:

- Redacitar e desenvolver un Plan local de convivencia intercultural, realizado de forma participativa cos axentes sociais e asociacións de persoas de etnia xitana e migrantes.
- Redactar e pór en marcha un Plan municipal de promoción da formación e mellora da empregabilidade de persoas de etnia xitana, realizado de forma participada e corresponsable cos e coas axentes sociais e asociativos implicados.
- Redactar e pór en marcha dun Plan municipal de promoción de inclusión, formación e mellora de emprego de persoas migrantes, realizado de forma participada e corresponsable cos axentes sociais e asociativos implicados.
- Elaboración dunha guía de recursos e itinerarios de acceso a servizos dirixidos á persoas migrantes.

Diversidade Funcional:

- Redacción e posta en marcha dun Plan municipal de inclusión, promoción da formación e empregabilidade das persoas con diversidade funcional, realizado de forma participativa cós axentes sociais e organizacións de persoas con discapacidade e súas familias.
- Eliminar ás barreiras físicas e comunicativas no acceso a edificios, servizos e recursos municipais.
- Aprobación dunha Ordenanza municipal de accesibilidade universal, que regule todo o que teña que ver coa accesibilidade no Concello de Santiago de Compostela.
- Elaboración dunha guía de recursos e itinerarios de acceso a servizos dirixidos á persoas con diversidade funcional.
- Promoción, en colaboración co tecido asociativo e dinamizadas desde o Consello de políticas sociais e benestar, de campañas de normalización e integración social das diversidades funcionais.

UN CONCELLO SAUDABLE

O concello como lugar/espazo primario de convivencia e de vida ten un papel determinante na saúde das persoas que viven nel. No concello desenvolvemos as actividades arredor das que xira a nosa vida (actividades económicas, culturais, educativas, de lecer...) e tamén é no concello onde se toman as decisións sobre políticas que afectan á vida cotiá como vivenda, urbanismo, mobilidade, conciliación, cultura e lecer, entre outras. Por iso, este espazo de relación e actividade en interacción coa contorna ambiental marcan hábitos de vida e un emprego do tempo que debe procurar o maior benestar e saúde ás persoas. Un concello saudable ten por obxectivo principal a promoción e protección da saúde de benestar dos seus cidadáns e das súas cidadás, entendido como un eixo transversal no que traballar de forma coordinada para procurar cambios que melloren a vida persoal e social dos veciños e veciñas:

- Incorporar Santiago á rede de Cidades saudables
- Dinamizar o Consello municipal de saúde
- Redacción dun Plan municipal de promoción da saúde que incorpore os principios de equidade, participación, transversalidade e cooperación.
- Elaboración dun Mapa de recursos e servizos comunitarios para a prevención e promoción da saúde.
- Deseño e elaboración de ferramentas e protocolos de coordinación con outras administracións e entidades responsables da atención sanitaria e de promoción da saúde no ámbito municipal, particularmente cos Centros de atención primaria e centros educativos.
- Promoción, en colaboración co tecido asociativo e dinamizadas desde o Consello municipal de saúde, de campañas de sensibilización e promoción da saúde pública
- Elaboración de protocolos de atención á persoas e colectivos en risco social e/ou sanitario para facilitar o acceso aos dereitos universais de saúde.

UN CONCELLO SOCIALMENTE RESPONSABLE.

A calidade e eficiencia dos servizos públicos está estreitamente relacionada co modelo de xestión. A xestión directa e transparente realizada polos municipios é a garantía de calidade no servizo á cidadanía. Neste sentido o desafío é desenvolver un modelo de xestión municipal transparente no que tomen parte os cidadáns e as cidadás a través de orzamentos participativos e participación nas mesas de contratación, co obxectivo de que se teña un control máis rigoroso dos procesos e se garanta unha contratación pública socialmente responsable, que introduza en todas as licitacións públicas locais cláusulas sociais que favorezan a inclusión, o emprego a accesibilidade e a economía de iniciativa social local.

- Garantir o cumprimento da normativa en materia de cláusulas sociais nas empresas municipais e concesionarias: incorporar nas empresas municipais e nos pregos de contratación que realicen os servizos municipais se inclúan e cumpran as cláusulas de contido social, laboral e medioambiental, de igualdade e equidade coa finalidade de asegurar unhas condicións laborais xustas, uns com-

promisos de respecto ao medio ambiente, así como a inserción laboral de colectivos en situación de risco e/ou exclusión social.

- **Elaboración dun Plan de inclusión laboral dos grupos vulnerables e en risco de exclusión social.**
- Estimular a creación e posta en marcha de Empresas de Inserción sociolaboral como elementos fundamentais para a empregabilidade de persoas e colectivos en situación de difícil acceso ao mercado laboral.

- Impulsar campañas dirixidas á entidades, asociacións e tecido empresarial para dar a coñecer as políticas de empresa sobre Responsabilidade social empresarial e as posibilidades das empresas de inserción como elementos de dinamización social para colectivos en risco de exclusión.

- Desenvolver estratexias de grupo para o acompañamento na procura de emprego

- Impulsar o desenvolvemento dunha oferta formativa específica e adecuada para persoas desempregadas e colectivos en situación de vulnerabilidade, ofertando posibilidades reais de cualificación a persoas sen cualificación e tamén posibilidades de especialización e recualificación en especialidades de alta demanda e boa empregabilidade para persoas desempregadas de longa duración.

- Definir estratexias municipais de apoio a iniciativa social e cooperativa vinculada co desenvolvemento terceiro sector.

- Apoio a iniciativas locais de emprendemento ligadas ás tarefas de coidado e atención a persoas dependentes.

SERVIZOS ACCESIBLES PARA TODAS AS PERSOAS

Os servizos municipais son os máis achegados ás persoas, por ser os máis próximos non so territorialmente senón sobre todo os máis coñecedores das súas características, necesidades e aspiracións, por iso teñen que ser completamente transparentes, de doado acceso e compensadores das dificultades e desigualdades para garantir a todas as persoas o acceso aos dereitos sociais e de saúde.

- Dotar de recursos humanos e desenvolver o plan de traballo das Unidades de traballo social e comunitario

- Favorecer o traballo comunitario e en rede impulsando un Foro permanente de intercambio de experiencias, formación e boas prácticas.

- Impulsar o traballo sociocomunitario que se desenvolve no concello, dotándoos de máis e mellores recursos para optimizar o seu funcionamento.

- Desenvolver unha estratexia de organización e xestión do Servizo de axuda no domicilio que poña en valor o coidado de persoas dependentes e incorpore as iniciativas de traballo cooperativo, social e locais dedicadas ao coidado e benestar de persoas dependentes.

- Definir os itinerarios sociais e protocolos de actuación para que cada persoa usuaria dos servizos sociais municipais e/ou participante en programas de organizacións do terceiro sector recoñeza todos os pasos que debe seguir e todos os puntos nos que pode ser atendida.

- Dinamizar o Consello municipal de políticas sociais e benestar social.

- Crear a oficina do valedor ou valedora da Veciñanza .

UN CONCELLO SOLIDARIO

Desde o Concello e as políticas municipais podemos contribuír a avanzar na erradicación das causas e consecuencias globais e locais da pobreza e as desigualdades e a insostibilidade ambiental. Neste eido a cooperación ao desenvolvemento é unha política pública social fundamental para loitar contra pobreza e as desigualdades xa que traballa en prol dos dereitos humanos e a dignidade das persoas a través da promoción dun desenvolvemento humano sostible.

- Dotar un Fondo Local de Cooperación e axuda ao Desenvolvemento para atender a situacións de emerxencia internacional e proxectos de cooperación e desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento.

- Impulsar a creación de espazos de participación real e efectiva da sociedade civil no deseño e posta en marcha das políticas de cooperación ao desenvolvemento.

- Apoio ás iniciativas de comercio xusto e difusión de campañas de concienciación e sensibilización do que supón o comercio xusto para o desenvolvemento de proxectos comunitarios nos países de orixe.

ÁREA DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

INTRODUCCIÓN

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes supón un dereito básico recollido en diferentes normas e leis. Aínda así, con frecuencia, semella máis unha declaración retórica de intencións, que un obxectivo decidido de transformación das desigualdades vixentes. O papel adxudicado tradicionalmente ás mulleres en relación ao coidado da infancia, persoas enfermas e maiores ten consecuencias directas para a vida persoal, laboral e social das mulleres.

É necesaria unha intervención pública e cidadá sistemática e integral que remova os obstáculos e evite a discriminación por razón de sexo, unhas políticas que garantan a igualdade real entre mulleres e homes, a igualdade de responsabilidades e dereitos. Por iso, dende Compostela Aberta comprometémonos a que as políticas de xénero impregnen toda a acción municipal, que haxa propostas en todos os ámbitos ao tempo que se apliquen medidas específicas destinadas á mellora da situación das mulleres.

OBXECTIVOS E DESAFÍOS

Os principais obxectivos para Compostela son:

Coñecemento da situación local das mulleres no campo laboral, legal, educativo, sanitario, sociocultural, político.

Acción: *Creación do observatorio da igualdade* para obter datos actualizados que permitan coñecer liñas urxentes de actuación.

Incorporación plena das mulleres ao mercado laboral.

Acción: *Programa de formación e incorporación das mulleres ao traballo remunerado*

Específico: Actuacións que garantan o acceso e permanencia das mulleres no mercado de traballo en condicións de igualdade.

Mellora das condicións laborais en áreas de emprego feminizadas.

Valorar o traballo invisible non remunerado das mulleres e corresponsabilizar á cidadanía nesas tarefas que son imprescindibles para o funcionamento da sociedade.

Acción: *Programa de responsabilidade social dos coidados Programa sobre os tempos e horarios da cidade.*

Específicas:

Elaboración dun Mapa de coidados que identifique as prioridades para avanzar na construción dun sistema público de coidados de persoas dependentes (incluída infancia) que sexa universal e loite contra a subcontratación e precarización das persoas que fan este traballo.

Elaboración dun Mapa de tempos e Horarios do concello que identifique as prioridades e necesidades (accesibilidade, mobilidade, conciliación) das persoas na súa vida cotiá.

Fomento da participación sociopolítica das mulleres.

Acción: *Creación do Consello das mulleres*

Específica: Elaboración do *Plan de Igualdade 2015-2018* baixo un proceso dinámico e participado encamiñado a un cambio social necesario.

Recoñecemento de dereitos sexuais e reprodutivos e diversidade sexual

Acción: *Programa de información, sensibilización e atención en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e diversidade sexual.*

Específicas:

Apoio ao dereito ao aborto e a saúde sexual e reprodutiva, a través do CIM.

Programas de educación afectiva e sexual a través dos servizos socio-comunitarios e de mocidade do Concello, así como dos centros educativos ou residenciais para persoas dependentes.

Formación para as persoas profesionais dependentes do Concello que poidan ter relación con esta cuestión.

Erradicación da violencia de xénero.

Acción: *Programa de prevención, atención e protección en materia de violencia contra as mulleres.*

Específicas:

Plan integral contra a violencia machista que inclúa protocolos de atención e coordinación así como protocolos de resposta antes as agresións sexistas.

Garantía de cobertura de servizos e axudas , con especial atención á mulleres en situación de discriminación múltiple.

Formación para as persoas profesionais dependentes do Concello que poidan ter relación con esta cuestión

A CULTURA, BEN COMÚN.

Temos unha visión da cultura plural e aberta. Cultura é cultura cidadá, servizo público, ben común; aquilo que non pertence en propiedade a ninguén, que é dereito e responsabilidade de todos e todas (*Culturas de lo común, Antonio Lafuente*). Cultura é polo tanto a capacidade que, como comunidade, temos de crear, xestionar, compartir e cuestionar a representación e a experimentación da nosa realidade colectiva. Dita capacidade é de todos e todas, atravesa calquera faceta das nosas vidas, dende a historia e lingua ata a ciencia e a arte, pasando polas cousas cotiás como o comer e o vestir. A cultura está presente en todos os lugares e en todas as iniciativas como eixo transversal da vida en común, xunto co noso patrimonio histórico material e inmaterial, constitúe a fonte fundamental de desenvolvemento social e económico da cidade de Compostela.

Co obxectivo de defender e fortalecer esta visión da cultura como ferramenta de desenvolvemento social, cohesión comunitaria e diálogo colectivo, no exercicio da política como responsabilidade e dereito común, **consideramos imprescindible que o eixo fundamental de calquera política cultural desenvolvida polo Concello consista en dotar á cidadanía de estruturas, recursos e medios de participación para xestionar a cultura.** É dicir, na creación e desenvolvemento de mecanismos de toma de decisións na política cultural que empoderen á cidadanía e transformen ao concello nun axente mediador, encargado de dar soporte ás iniciativas culturais do concello e actuar en sitios onde non chegue a sociedade en lugar de actuar como un axente cultural que compite deslealmente e censura, baixo criterios personalistas, as iniciativas de persoas, colectivos, cooperativas e empresas. As políticas culturais como instrumentos e estruturas de participación non deben cumprir únicamente funcións de fornecedoras de cultura, senón de redistribuidoras dos recursos e da riqueza cultural que xeramos.

VALORES OU PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS NOS QUE SE BASEA ESTA PROPOSTA.

Transparencia: A xestión da cultura debe ser transparente en todas as súas fases, tanto os procesos de toma de decisión, como os modos de produción ou os investimentos adicados á cultura deben ser accesibles á cidadanía de xeito pormenorizado, didáctico, claro e aberto.

Participación: A xestión da cultura debe ser participativa e dotarse de estruturas de toma de decisión que teñan en conta tanto aos veciños e veciñas da cidade, como os e as axentes culturais e profesionais que traballan nese ámbito e contan cunha formación específica.

Accesibilidade: A cultura é un dereito universal, un ben común do que todos e todas participamos, a cidadanía non debe ter acceso á cultura unicamente como se fose un ben de consumo, senón que debe participar activamente dela en todas as fases do seu desenvolvemento.

Transversalidade: A cultura non debe entenderse como un obxectivo en si mesmo, senón como unha correa de transmisión de valores, ideas e creatividade asociada a calquera área de actividade e da vida e non restrinxila ao ámbito especializado dos artistas e das artistas nin aos obxectivos específicos da programación cultural.

Descentralización: A cultura debe fomentarse en todas partes, nos barrios, nas rúas, nos centros sociais, non atesourarse en centros pechados á cidadanía. A cultura debe xurdir, producirse e compartirse en rede, de xeito aberto e distribuído.

Diversidade: A cultura é diversa, a xestión cultural debe atender a dita diversidade, fomentar e apoiar a investigación, a innovación e a creatividade, a mestura de estilos formatos e xeitos de facer.

OBRIGAS QUE DEBE ASUMIR COMPOSTELA ABERTA NA SÚA CANDIDATURA RESPECTO Á CULTURA.

Exercer a responsabilidade compartida coa cidadanía e os diferentes colectivos sociais na defensa, recuperación, conservación e posta e valor e difusión dos patrimonios materiais e inmateriais propios: etnográficos, lingüísticos, artísticos, históricos, arquitectónicos, científico-tecnolóxicos, naturais, etc. Prestando especial atención a aqueles que se atopan nunha clara situación de ameaza como a lingua galega ou o medio ambiente.

Recoñecer, facilitar, acompañar e promover os proxectos culturais de Compostela, fomentando o diálogo creativo entre tradición e vangarda, apoiando as iniciativas culturais e axudando ao seu desenvolvemento autónomo e consolidación.

Garantir a igualdade, a atención a diversidade, a redistribución e o traballo en rede a través de sistemas de democracia participativa que inclúan nos procesos de toma de decisión á cidadanía e os e as axentes culturais.

RETOS CULTURAIS DA CANDIDATURA PARA A LEXISLATURA

RETO 1: RECUPERAR A VITALIDADE CULTURAL DA CIDADE

Queremos desenvolver a idea de cultura na cidade como alternativa ao concepto de Cidade da Cultura, devolver a cultura á cidadanía como algo propio, non como un ben de consumo. Dada a grave situación de precariedade material e inmaterial, non exclusivamente económica senón afectiva, discursiva, formativa, tecnolóxica, infraestrutural na que se atopan hoxe a maior parte dos e das axentes culturais, asociacións, colectivos, cooperativas e empresas adicadas á cultura en Compostela, que foi provocada pola ausencia histórica dunha política cultural actualizada,

eficiente, aberta e plural sostida a longo prazo, **consideramos o reto prioritario deste programa recuperar a vitalidade cultural da cidade perdida ao longo dos últimos anos**, reestablecer o diálogo cos e coas axentes culturais do concello e enmendar a fenda aberta entre a cidadanía como comunidade cultural e a cultura institucional.

Liña estratéxica 1: Ordenación do sector.

Liña de acción 1: Diagnose e inventario de recursos culturais.

Acción 1: Recollida e catalogación de recursos.

Acción 2: Recuperar a memoria histórica de iniciativas culturais da cidade que desapareceron.

Liña de acción 2: Plan de accesibilidade e comunicación dos recursos.

Acción 3: Adecuación e adaptación dos recursos culturais para que sexan accesibles.

Acción 4: Elaboración e difusión do catálogo de recursos.

Acción 5: Creación dunha ferramenta dixital colaborativa para a comunicación e a difusión dos recursos culturais na cidade.

Liña estratéxica 2: Protección e fomento das artes ao vivo.

Liña de acción 3: Procura de solucións á programación de música e artes vivas en locais.

Acción 6: Creación dunha mesa de diálogo con hosteleiros e hostaleiras, veciños e veciñas, artistas e Concello para elaborar un regulamento que garanta as actuacións nos locais.

Acción 7: Creación dunha rede local de artes ao vivo.

Liña de acción 4: Recoñecemento das artes na rúa coma un dos valores culturais da cidade.

Acción 8: Elaboración dun directorio de puntos activos de arte na rúa recollidos en planos e guías turísticas.

Acción 9: Plan de activación das artes nos parques e zonas verdes da cidade.

Liña estratéxica 3: Fortalecemento da cooperación.

Liña de acción 5: Creación de sinerxias co tecido institucional, social, cultural, educativo, turístico, comercial, hosteleiro.

Acción 10: Desenvolvemento dun programa específico para potenciar a colaboración coa Universidade de Santiago.

Acción 11: Desenvolvemento dun programa específico para potenciar a colaboración coa Igrexa.

Acción 12: Deseñar unha estratexia de coordinación cultural coa Xunta de Galicia.

Acción 13: Creación dun bono cultural que permita desgravar nos tributos locais xustificando o consumo de cultura na cidade.

Acción 14: Creación dunha etiqueta de responsabilidade cultural para o comercio.

Acción 15: Recoñecemento doutras manifestacións culturais como os centros sociais ocupados

da Algalia, do Sar e de Filgueiriñas.

Acción 16: Promover a cesión de espazos e medios municipais para a súa utilización por parte de artistas e veciñanza.

Acción 17: Reactivación dende a xestión pública da rede de locais de ensaio.

Liña estratéxica 4: Identidade e posicionamento cultural

Liña de acción 6: Defensa e promoción da lingua galega para incrementar o número de falantes e a súa presenza na vida cultural da cidade.

Acción 18: Priorizar o uso do galego a nivel municipal como obriga institucional e en todas as actividades realizadas no concello.

Acción 19: Fomentar o cumprimento e desenvolver a Lei Valentín Paz Andrade.

Liña de acción 7: Favorecer as conexións culturais internacionais

Acción 20: Incorporar as producións culturais da comunidade lusófona ás programacións da cidade.

Acción 21: Establecemento de vínculos culturais con cidades europeas a partir de elementos comúns de afinidade (Camiño de Santiago, Cidades Patrimonio, etc.)

RETO 2: EMPODERAR CULTURALMENTE A SOCIEDADE.

Queremos promover unha visión transversal da cultura, presente en todas as áreas do Concello, e consideramos que **o eixo fundamental da política cultural de Compostela debe dirixirse a empoderar culturalmente a sociedade**, devolvendo a soberanía cultural as veciñas e os veciños, poñendo a disposición da cidadanía todos os recursos culturais de Compostela e concibindo o público non por oposición ao privado senón como o espazo do común.

Liña estratéxica 5: Xestión comunitaria.

Liña de acción 8: Plan de formación continua.

Acción 22: Realización de obradoiros para a formación en procesos participativos e coñecemento directo de experiencias levados a cabo noutros contextos

Acción 23: Titorización de procesos participativos.

Liña de acción 9: Articulación de procedementos de participación cidadá

Acción 24: Posta en marcha dunha experiencia piloto de xestión de equipamentos de proximidade.

Liña estratéxica 6: Participación veciñal.

Liña de acción 10: Fomentar as ferramentas de participación.

Acción 25: Activación de comunidades culturais.

Acción 26: Creación de grupos de acción cultural nos barrios.

RETO 3: TRANSFORMAR AS POLÍTICAS CULTURAIIS MUNICIPAIS.

Consideramos que o concello debe transformarse nun axente mediador en lugar dun axente programador, que a produción cultural debe descentralizarse e desestacionalizarse. Propoñemos promover unha xestión comunitaria dos equipamentos de proximidade, articulando procedementos de participación cidadá, activando comunidades culturais e facilitando a formación para a xestión comunitaria dos recursos públicos. Simultaneamente propoñemos profesionalizar, dotar de transparencia e dar autonomía xurídica e financeira aos equipamentos culturais de referencia, dotándoos dun proxecto coordinado e duns obxectivos avaliábeis e públicos, ademais de órganos colexiados de participación e control cidadán.

Liña estratéxica 7: Transformación das estruturas de goberno

Liña de acción 11: Competencias culturais

Acción 27: Elaboración dun plan para trasladar fóra da concellaría de cultura as competencias en política cultural.

Acción 28: Creación dunha segunda tenencia de alcaldía como novo órgano de goberno transversal para coordinar as políticas culturais.

Acción 29: Creación dun equipo técnico que garanta a aplicación transversal da acción cultural a todos os demais departamentos

Liña de acción 12: Xestión dos recursos públicos.

Acción 30: Elaboración dun novo modelo de convocatorias abertas para proxectos culturais.

Acción 31: Elaboración de indicadores para medir o retorno á comunidade.

Liña de acción 13: Democracia participativa.

Acción 32: Posta en marcha da asemblea cidadá da cultura, encargada de orientar as estratexias culturais e confeccionar os orzamentos.

Acción 33: Creación e posta en funcionamento do observatorio cidadá da cultura, co fin de vixilar e controlar as políticas culturais.

Liña estratéxica 8: Descentralización.

Liña de acción 14: Visibilización da cultura nos barrios.

Acción 34: Realización de roteiros culturais.

Acción 35: Ampliación aos barrios dos festivais e programacións con participación municipal.

Acción 36: Realización de programas específicos das unidades de produción municipais nos barrios.

Liña de acción 15: Desestacionalización da actividade cultural.

Acción 37: Establecemento dun límite máximo e mínimo de gasto en cultura por cuadrimestre.

Acción 38: Resituar no calendario algunhas actividades culturais.

Liña estratéxica 9: Profesionalización

Liña de acción 16: Fomento da independencia e autonomía dos equipamentos culturais de referencia.

Acción 39: Elaboración dun estudo para a creación dunha fundación/axencia que permita unha xestión autónoma dos equipamentos culturais de referencia, nomeadamente o eixo Auditorio de Galicia-Teatro Principal.

Acción 40: Convocatoria dun concurso público non só de méritos senón de proxecto a través dun contrato-programa para a dirección dos equipamentos de referencia.

Liña estratéxica 10: Transversalidade

Liña de acción 17: Fomento das accións culturais nas distintas áreas do goberno municipal.

Acción 41: Creación dun programa de residencias de creación, investigación e innovación cultural nas escolas públicas da cidade.

Acción 42: Implantar un programa de intervencións artísticas en lugares, zonas e elementos urbanos para levar as manifestacións contemporaneas da arte ás ruas e os barrios.

Acción 43: Elaboración de guías, e percorridos pola cidade ou proxectos de intervención cultural que diversifiquen a oferta da cidade promovendo aspectos xeralmente descoñecidos ou desatendidos de Compostela como o seu patrimonio contemporáneo, natural, científico, sonoro, etc.

UNHA PROPOSTA DE POLÍTICA EDUCATIVA MUNICIPAL

UNHA EDUCACIÓN PARA TODAS AS PERSOAS E AO LONGO DE TODA A VIDA.

A educación pública, universal e gratuita é a única garante do dereito universal á educación en condicións de igualdade e democracia, e base dunha sociedade máis xusta conformada por unha cidadanía máis libre e máis crítica.

Esta proposta defende unha educación pública galega, de calidade, inclusiva e laica. Laica, porque a neutralidade da escola é esencial para garantir un marco convivencial democrático, con independencia da relixión de nenos e nenas e das súas familias.

Entendemos a educación dun xeito amplo, non pensamos restrinxila a un departamento do concello, queremos que estea presente en todas as rúas, os parques, as dependencias municipais, as parroquias,... en todo o concello. Ten que empapar a vida diaria das compostelás e dos composteláns.

Como se recolle nesta proposta, pretendemos intervir planificando, facendo prospección educativa, conservando e mellorando a calidade dos centros escolares, garantindo a escolarización plena, o equipamento e os recursos didácticos das escolas municipais, colaborando na programación de novas necesidades, promovendo o desenvolvemento dos servizos educativos complementarios, as funcións socioformativas, as compensadoras, combatendo a desigualdade, a pobreza e a exclusión tamén desde a educación, a aprendizaxe e o goce da música e a danza, a función orientadora, a extraescolar, o lecer formativo ou a alfabetización audiovisual, entre outras.

VALORES OU PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS NOS QUE SE BASEA ESTA PROPOSTA.

Educación Pública.
De calidade.
Laica.
Promotora da Igualdade.
Participativa.
Inclusiva.
Galega
Cooperativa

RETOS EDUCATIVOS DA CANDIDATURA PARA A LEXISLATURA

RETO 1: UNHA EDUCACIÓN ABERTA A TODA A CIDADANÍA.

Facer dos centros escolares auténticos espazos de encontro e participación educativa complementarios da actividade lectiva, con programas educativos, culturais, deportivos e sociais, deseñados e programados pola cidadanía e a comunidade educativa.

Apostar decididamente pola participación do profesorado, dos pais e as nais, o alumnado, o persoal non docente e a propia administración municipal no Consello escolar do centro, para ser o nexo de unión entre a escola e o entorno, achegando os centros ao concello e viceversa, para velar polo cumprimento dos dereitos de todos os sectores da comunidade educativa, representados e activos no Consello escolar municipal, participando conxuntamente no seguimento dos Consellos escolares, na elaboración e no desenvolvemento dos Poxectos educativos dos centros e na promoción das escolas de pais e nais.

Promover a creación e pór a funcionar estruturas estables de participación política en materia educativa, desenvolvendo as competencias do Consello escolar municipal, á súa consulta imprescindible e a participación activa de todos os sectores.

Liña estratéxica 1: Redimensionar a dotación do departamento de educación municipal acorde coa relevancia, xestión, programas e servizos que ten que desenvolver. Incremento sostido dos orzamentos en materia educativa para programas e servizos. Impulsar á planificación e diagnose de necesidades.

Acción 1.1: Priorizar a área de educación e a xestión do departamento cos recursos materiais e humanos necesarios establecendo plans e programas transversais en asuntos como: lingua, deportes, mocidade, ocio e lecer, igualdade de xénero, cultura de paz, formación, educación ambiental, espazos públicos e municipais, convivencia...

Acción 1.2: Incrementar os orzamentos municipais en materia educativa, de forma progresiva e sostible ao longo da lexislatura.

Liña estratéxica 2: Mellorar e favorecer a participación da cidadanía nas decisións en materia educativa.

Acción 2.1: Reunir de maneira estable e desenvolver as competencias do Consello escolar municipal para elaborar e acordar nos primeiros tres meses, un novo Regulamento de Funcionamento e un programa de medidas urxentes coparticipado pola comunidade educativa.

Acción 2.2: Potenciar a creación e fortalecemento de escolas de nais e pais municipais, entendidas coma un espazo de formación, prevención e participación democrática.

Liña estratéxica 3: Optimización do uso dos centros educativos e mellora das instalación que nos competen, aumentando o número e a titularidade pública na medida do posible.

Acción 3.1: Plan de utilización dos centros educativos públicos fóra do horario escolar acordado no Consello escolar municipal para o desenvolvemento de actividades pedagóxicas, lúdicas e sociais.

Acción 3.2: Ampliar e dotar de escolas infantís municipais ao longo da lexislatura, empezando por Santa Marta e o Castiñeiriño.

Acción 3.3: Plans Plurianuais de Mantemento e mellora dos centros escolares, garantir a equidade e a non discriminación. Ditos Plans serán discutidos e elaborados de forma participativa polo Consello escolar municipal con protocolos concretos de mellora da rede escolar.

Acción 3.4: Potenciar o uso da escola municipal de música mellorando a súa infraestrutura e equipamento, e facilitando o acceso á mesma e a máxima colaboración cos centros escolares. Implantar estudos de danza, teatro e artes escénicas.

Acción 3.5: Apoiar á Escola oficial de idiomas para a construción dun novo edificio.

Liña estratéxica 4: Empregar a educación como axente potenciador da igualdade.

Acción 4.1: Abrir, no seu caso, os comedores escolares durante os períodos vacacionais.

Acción 4.2: Mellorar a convivencia escolar, igualdade de xénero, interculturalidade e mediación. Atención á educación afectivo-emocional.

Acción 4.3: As comisións de escolarización teñen que funcionar con claridade de criterios, evitando a zonificación, equilibrando as matrículas para evitar casos de densificación ou casos de redución.

Acción 4.4: Plan de medidas especiais contra da discriminación e atención á diversidade e á inclusión.

Liña estratéxica 5: Priorizar a defensa e potenciación da escola pública coma garante da igualdade, en todos os escenarios nos que sexa posible.

Acción 5.1: Elaboración dun Plan director de coordinación de servizos educativos para evitar os actuais desequilibrios entre a escola pública e a privada concertada para así evitar desigualdades e aplicar a lexislación vixente en condicións de equidade.

Acción 5.2: Recuperar a xestión pública do persoal de servizos, onde sexa posible, daqueles centros onde estea externalizada a unha contrata privada.

Acción 5.3: Ampliar a rede de escolas infantís municipais. Reestructuración do mapa escolar en base a un criterio de equilibrio na súa distribución xeoespacial, adecuándose a oferta na rede pública á demanda existente.

Acción 5.4: Atención preferente ós comedores escolares, inclusión no prego de condicións, a defensa do comercio de proximidade, os plans de nutrición, a utilización de produtos ecolóxicos e a formación específica do persoal de comedor.

RETO 2: UN CONCELLO EDUCADOR NUNHA CIDADE EDUCADORA

Queremos que Compostela sexa un concello educado e educador, (xa que, só no papel, forma parte da rede internacional de Cidades educadoras desde hai anos), unha cidade coñecida e recoñecida polo seu alumnado porque, efectivamente, a cidade educa e a cidade edúcase coa participación activa da súa cidadanía no coñecemento da súa historia propia, da súa lingua e cultura,

do seu patrimonio cultural e artístico,

Compostela aberta á educación, á universidade e ao mundo. Non sacamos o suficiente partido á nosa singularidade histórica, cultural e artística. Somos, como dixemos, unha cidade educadora, unha cidade patrimonio da humanidade, unha cidade distinguida pola UNESCO, unha cidade que di defender a cultura dos dereitos humanos, que forma parte do eixo atlántico ou que ten asinado, entre outras declaracións, a de Aalborg, a Axenda 21 para a sostibilidade... Nada se fixo en relación coa función educativa e educadora do noso concello.

Toda a comunidade que vive nun concello participa da dimensión educadora. Aí, no espazo público, sexa cal sexa a súa entidade, é onde se activan os valores que se adquiren. Tendo en conta a implicación, a formación, o coñecemento e a participación daremos forma ao Proxecto de concello educador.

Liña estratéxica 1: Recuperar e pór en marcha o programa “*Compostela cidade educadora*”.

Acción 1.1: Espazo público educador: parques e xardíns, prazas públicas teñen un enorme potencial educador. Programas especiais de animación á lectura, escenificacións de guiños, xogos de cooperación, dinámicas teatrais, maxia servirán para converter estes espazos en escenario de cohesión social e cultural.

Acción 1.2: Cumprimento dos estándares internacionais de Santiago de Compostela como cidade intelixente.

Acción 1.3: Incorporación a programas europeos de especial interese para a cidade, como por exemplo, o de turismo patrimonial ou o Learning da UNESCO sobre comunidades de aprendizaxe.

Liña estratéxica 2: Compostela coma espazo de cultura de paz, convivencia e dereitos humanos. Colaboración con entidades e asociacións que traballen nestes ámbitos.

Acción 2.1: Impulsar á sensibilización e divulgación das cartas e declaracións internacionais: dereitos humanos, carta da terra, tolerancia, democracia...

Acción 2.2: Potenciar a educación para a cooperación e o desenvolvemento en colaboración coa Coordinadora galega de ONG´s para o desenvolvemento.

Acción 2.3: Pór en marcha prácticas municipais en políticas de paz: desarmar e desmilitarizar o concello, non colaboración con suxeitos políticos ou sociais que perpetúen a cultura da violencia, que os valores de paz ocupen os espazos públicos, colaboración internacional entre concellos en materia de paz, etc.

Acción 2.4 Liña de acción 4: Implementar plans educativos de inclusión e contra da pobreza. Axudas específicas a familias sen recursos para material escolar e actividades extraescolares.

Liña estratéxica 3: Planificar, elaborar e pór en práctica unha programación educativa complementaria ao sistema educativo e que cubra as súas carencias.

Acción 3.1: Programa de educación ambiental. Impulsar o coidado ambiental e social. Ampliar a oferta do programa anual de hortos escolares, ciclo da auga, xestión de residuos...

Acción 3.2: Itinerarios artísticos e culturais, realizar festivais de música, teatro e danza; como procesos de dinamización socioeducativos no concello e na rúa.

Acción 3.3: Oferta pública de programas educativos e formativos municipais sobre educación artística, musical e audiovisual.

Acción 3.4: Programa de educación nos valores cívicos e democráticos, na educación vial, educación para a paz, igualdade, convivencia, cidadanía, dereitos humanos, desenvolvemento, cooperación, interculturalidade, educación ambiental...

Acción 3.5: Impulsar programas de alfabetización e de formación das persoas adultas.

Acción 3.6: Ampliar a oferta de educación para o lecer e o tempo libre con escolas de verán, Nadalxogo, campamentos urbanos, en galego e en inglés, nos periodos non lectivos, para contribuír e facilitar a conciliación entre a vida laboral e persoal.

Acción 3.7: Impulsar a educación para a saúde con actividades dirixidas ó alumnado pero tamén a pais e nais, por medio das escolas de nais e pais, sobre alimentación saudable, actividade física e deportiva, afectivo emocional, prevención de enfermidades alimentarias, dependencias, etc.

Acción 3.8: Fomentar o coñecemento do concello, do seu patrimonio material e inmaterial, desde a música tradicional ós xogos populares, así como os seus valores artísticos e culturais, co obxecto de promover o coñecemento do significado de vivir nunha concello patrimonio da humanidade e facilitando, por medio de intercambios educativos e culturais, o coñecemento doutras cidades patrimonio.

Liña estratéxica 4: Colaborar con entidades e asociacións facilitando a vertebración da sociedade civil.

Acción 4.1: Apoiar ás entidades da sociedade civil e á súa vertebración.

Acción 4.2: Impulsar o cooperativismo e á cooperación en materia educativa, universidade, centros educativos, entidades sociais.

Acción 4.3: Fomentar a divulgación e intercambio de recursos educativos en materia de paz, dereitos humanos, convivencia escolar, cooperación ao desenvolvemento e interculturalidade.

Acción 4.4: Impulsar o recoñecemento das boas prácticas en materia educativa, cooperación e a solidariedade entre a cidadanía por medio de premios específicos que recoñezan o labor social das entidades e persoas.

Acción 4.5: Crear unha Universidade popular, de xeito cal que calquera persoa poida ser docente dunha materia na que sexa experta(Cociña, costura, idiomas, manualidades, etc..)

Liña estratéxica 5: Colaborar e apoiar á USC.

Acción 5.1: Solicitar á Universidade a posta en marcha de horarios nocturnos para persoas traballadoras.

Acción 5.2: En colaboración coa Universidade, recuperar os campus para o lecer cidadá.

Acción 5.3: Apoiar á USC nas súas xustas reivindicacións diante da Xunta de Galicia en materia de financiamento, titulacions ou recuperación de alumnado.

Acción 5.4: Contribuír a poñer a Universidade no centro da cidade e de Galicia mediante acordos de colaboración, sensibilización e apoio en servizos e programas, especialmente, de aqueles que permitan o desenvolvemento económico.

Acción 5.5: Recuperar os campus como espazos de lecer municipal, empezando polas grandes avenidas da Residencia colaborando no seu mantemento. Eliminación progresiva do aparcadoiro en superficie coa construción de aparcamentos soterrados.

Acción 5.6: Pór en marcha un transporte público intercampus.

Acción 5.7: Incentivar Santiago como concello congresual.

Acción 5.8: Apoiar a proposta de implantación dun **Campus da cidadanía**.

Acción 5.9: Asinar convenios marco de colaboración para a **utilización conxunta de espazos universitarios**.

RETO 3: A CIDADE DOS NENOS E NENAS

Compostela vense convertendo nos últimos anos nun concello na que os coches e o cemento vanse impondo e gañando os espazos principais das zonas públicas, volvéndose un concello “enemigo” das persoas, principalmente dos nenos e das nenas.

Nesta proposta tentamos recoller o proxecto de “*Cidade dos nenos*” de Francesco Tonucci e recuperar a cidade, as rúas para as persoas, tomando como parámetro do plantexamento urbanístico o neno e a nena, en lugar do adulto ou adulta. Trátase de aceptar a diversidade intrínseca do/a neno/a como garante de todas as diversidades, xa que una cidade apta para os nenos e as nenas, serán para todas as diversidades.

Que os nenos e as nenas poidan saír sos e soas de casa, que poidan percorrer as rúas sos e soas, vivir experiencias propias, que podan ir visitar os seus amigos e as súas amigas, parentes, que poidan ir nos autobuses do rural á cidade e viceversa.

Liña estratéxica 1: Dar a palabra os nenos e as nenas, para que sexan escoitados e escoitadas e tidos e tidas en conta na administración.

Acción 1.1: Crear do consello escolar da infancia.

Liña estratéxica 2: Repensar a cidade para facela axeitada os nenos a as nenas cambiando o seu plantexamento.

Acción 2.1: Pór en marcha o programa “*Camiño da escola*” para facilitar que nenos e nenas recuperen a volta á clase camiñando, empezando polos CEIP Pio XII, As Fontiñas e López Ferreiro para logo ampliálo progresivamente.

Acción 2.2: Facer estudos de **mobilidade** para os nenos e nena, peonalización de rúas.

Acción 2.3: Mellora dos parques infantís, deseñados de costas á diversión e á experiencia dos nenos e nenas e que buscan a falsa sensación de “seguridade”

Acción 2.4: Inmediata posta en funcionamento do **Centro de recursos á lectura e ó xogo de Fontiñas** (Ludoteca)

Acción 2.5: Establecer protocolos de actuación entre os centros de primaria e os institutos de referencia que faciliten a transición, a acollida e a integración do alumnado.

De acordo co principio de funcionamento de laicidade aprobado por e para COMPOSTELA ABERTA, e na liña das propostas suxeridas por Europa laica, comprometémonos a desenvolver as seguintes iniciativas en materia de política municipal non confesional, promoveremos un concello laico.

LAICIDADE

Reto 1: Un concello laico:

Acción 1.1: Modificar as ordenanzas e os regulamentos municipais de protocolo para anular as normas de participación de edís, concellalías e funcionariado público, na súa condición, nos actos

relixiosos (procesións, misas, ofrendas...). Os actos públicos municipais serán exclusivamente civís.

Acción 1.2: Promover a liberdade de consciencia e de conviccións e velará para que ningún dereito deste exercicio sexa vulnerado. As organizacións civís e relixiosas respectarán o pluralismo social e político e defenderán os valores proclamados pola Declaración universal dos dereitos humanos.

Acción 1.3: Non aceptar privilexios nen promoverá animadversión cara a ningunha organización civil e relixiosa. Retirar a simboloxía relixiosa dos actos institucionais. Facilitar as cerimonia civís de acollida, matrimonio e funerais dando as máximas facilidades e poñendo a axeitada infraestrutura.

Acción 1.4: Reclamar a tributación de todas as persoas e entidades garantindo os principios de igualdade, equidade e non discriminación. Requer, no seu caso, da administración do Estado a compensación correspondente polos fondos detraídos polas exencións fiscais da Igrexa Católica (IBI, ICIO, Plusvalías...), en especial, sobre os edificios e instalacións de uso comercial que xeran ingresos.

Acción 1.5: Non realizar cesións de chan público ás confesións relixiosas.

Acción 1.6: Nos cemiterios públicos, que serán civís, e os tanatorios públicos ou de xestión privada, o Concello asegur que todos os familiares, sen exclusión algunha, poidan celebrar as cerimonia que consideren. Abrir, así mesmo, o Rexistro municipal de testamento vital.

LINGUA

INTRODUCCIÓN

Ainda que xa intuído e denunciado por moitos dos axentes sociais defensores da lingua na última década, a última estatística sobre a situación sociolingüística de Galiza publicada polo IGE, no pasado decembro de 2014, confirmounos que hoxe, máis do que nunca, debemos marcar un roteiro de urxencia para revertirmos o panorama de futuro tan incerto que se perfila para o noso idioma. Dous dos datos máis significativos difundidos: (1- o uso cotián que se fai do idioma galego en Galiza baixou trece puntos en dez anos. 2- só o 15% das crianzas galegas menores de 15 anos ten como lingua habitual de uso o galego) falan por si propios.

Ademais, na mencionada sondaxe do IGE, constátase que de aquí a 30 anos, soamente falará galego 1 de cada 4 habitantes de Galiza.

Destes datos, podemos extraer que o galego atravesará unha situación preocupante á cal cómpre, canto antes, facermos fronte con todos os instrumentos de normalización lingüística que estean e estiveren ao noso dispor. Contribuímos no campo da acción municipal para impedirmos a desaparición dun patrimonio lingüístico-cultural, aquí, no territorio onde naceu, debe ser unha das políticas prioritarias nun concello dedicado á sustentabilidade e ao ben común. Compostela Aberta debe protexer este legado lingüístico e facer todo o posíbel, desde o municipio, para equiparalo co resto do patrimonio artístico-cultural de Compostela. Sensibilizar a poboación de que temos un valiosísimo patrimonio vivo implica concienciármolos de vez de que alén de posuímos unha catedral de pedra, desfrutamos, tamén, do monumento da palabra, un monumento dinámico e activo experimentado vivencialmente por toda unha comunidade.

E así, desde Compostela Aberta, conxugando patrimonio inmaterial e activismo lingüístico-cultural, querémonos comprometer, caso atinxir o goberno municipal, cunha serie de obxectivos, liñas estratéxicas e medidas concretas para continuarmos avanzando en firme na evolución sociolingüística da lingua galega, unha evolución que debe ser positiva. A nosa planificación responde, fundamentalmente, a dous únicos alvos: garantirmos que a lingua galega sexa transmitida ás novas xeracións e difundirmos a vantaxe internacional da nosa lingua. Velaquí unha das principais claves para transformarmos o futuro e non disrumpirmos a memoria da nosa comunidade.

Compostela Aberta aposta, con certeza, tamén pola promoción do plurilingüismo entre a cidadanía compostelá como principal activo para loitarmos contra a uniformización lingüística e cultural, mais tod@s sabemos que para conseguirmos unha sociedade autenticamente multilingüe, deberemos establecer como horizonte político prioritario a corrección inmediata da situación de dramática asimetría existente, hoxe en 2015, con respecto á lingua galega. Nese sentido, o fomento e a protección da lingua, determinante na historia, na cultura e na identidade deste territorio, serán os eixos fulcrais da nosa execución político-cultural.

Desde Compostela Aberta, traballaremos nesa dirección, sempre a través da articulación de espazos cidadáns e sociais que estean alicerzados no consenso entre todas as persoas construtivas da democracia participativa e crítica do noso concello.

MARCO LEGAL PARA TRABALLARMOS NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL:

Plano de Normalización Lingüística 2004, Lei de Normalización Lingüística 3/1983, Lei de Uso do Galego polas Entidades locais 5/1988, Lei Valentín Paz-Andrade 1/2014, Normativa Municipal do Concello de Santiago de Compostela (Regulamento do Uso do Galego na Administración Municipal de Santiago de Compostela, Consello Municipal de Normalización Lingüística).

MEDIDAS

MEDIDAS XERAIS E TRANSVERSAIS

* Elaboración dun discurso político-lingüístico e cultural inclusivo que parta do plurilingüismo e da realidade plurilingüe, no que se promova o galego, que atenda a lusofonía, dado que se parte da evidencia de o portugués representar un poderoso aliado para o galego, e que saiba argumentar e contestar correctamente e dunha maneira clara e contundente os ataques e preconceitos que existen contra a lingua galega. Para iso é fundamental que as persoas electas por CA sexan formadas en aspectos básicos de lingüística, sociolingüística ou da socioloxía das linguas, mediante os recursos necesarios, que deben ser ofrecidos. Cómpre elaborarmos un novo discurso atraente e innovador en favor do uso do galego.

* Aposta por políticas que fomenten o plurilingüismo, coñecer novas linguas sempre a partir do galego é unha riqueza e unha valía.

* Campañas de esixencia á Xunta de Galicia e a outras entidades do cumprimento do Estatuto de Autonomía, do Plano Xeral de Normalización Lingüística, da LNL, e da Lei Valentín Paz-Andrade.

* Revitalizar a lingua galega en Compostela, a partir da elaboración dun diagnóstico cuantitativo e cualitativo de partida da situación do galego no concello, partindo do plurilingüismo, da dimensión internacional da lingua e da Lei Valentín Paz-Andrade.

* Elaboración dunha análise lingüística cuantitativa e cualitativa (DAFO ou FAFO: Puntos fracos, fortes, ameazas e oportunidades) como primeira medida para sermos capaces de afrontar unha estratexia eficaz para a lingua.

* Marcar obxectivos anuais de incremento no número de falantes de lingua galega mediante a incorporación de novos falantes e do mantemento dos que xa a falan.

* Desenvolver e fomentar o cumprimento da Lei Valentín Paz-Andrade 1/2014 (para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía), no ámbito local, aprobada por unanimidade no ano 2014, a través de políticas que foren asumíbeis desde o concello de Compostela e pondo os instrumentos e medios necesarios para a adquisición dunha competencia lingüística adecuada, de tal forma que as nosas autoridades, os empregados públicos e outros cidadáns tomen consciencia da importancia internacional do galego e da súa capacidade e riqueza cultural na Lusofonía.

* Presionar, na medida do posíbel, en todos os lugares, para facilitar e facer realidade a recepción das televisións de Portugal en Galiza, no cadro da Lei 1/2014.

* Favorecer e intensificar o intercambio cultural transfronterizo co mundo lusófono a través de entidades públicas e privadas, grupos e entidades culturais de Galiza, Portugal e outros países da lusofonía, favorecendo especialmente as actividades das nosas crianças e juventude: acampamentos, viagens lúdico-culturais etc...

* Apoiar o desenvolvemento cultural, en todas as áreas de coñecemento na lingua galega, sen discriminacións de calquera tipo, pois ela é a maior riqueza do noso pobo.

* Promover a normalización lingüística como sendo transversal en todas as políticas municipais do goberno compostelán.

* Avaliar e procurar o cumprimento de todas as políticas lingüísticas levadas a cabo desde a administración e, polo tanto, desde o concello.

* Aposta decidida do galego como lingua de cohesión social.

MEDIDAS NA ADMINISTRACIÓN

* Os cargos públicos, entre eles os nosos candidatos, deben ser exemplares no emprego da lingua galega, e comprometerse a melloralala desde un punto de vista lingüístico, usándoa de forma correcta. Estableceranse os mecanismos e recursos para que así sexa, como, por exemplo, cursos de formación continuados. Alén diso, reclamarán o seu uso ás entidades con que contrataren fornecementos e servizos.

* Aposta por unha administración integramente en galego, lingua propia de Galiza, mais lingua tamén de ámbito internacional a través do portugués.

* Poñerase en valor a lingua propia e fomentarse o seu uso e prestixio en todas as accións do concello e en todos os ámbitos e sectores do municipio, para o que se potenciará e consolidará o servizo de normalización lingüística (SNL) municipal, dotándoo con recursos humanos e partida orzamentaria suficiente para planificar, xestionar e executar as accións e medidas axeitadas para o fomento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais.

* Impulsar a creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística que desenvolva accións de promoción da lingua galega e coordine a posta en marcha do aquí sinalado.

* Favorecer e intensificar o intercambio cultural transfronterizo co mundo lusófono a través de entidades públicas e privadas, grupos e entidades culturais de Galiza, Portugal e outros países da lusofonía.

* Priorizar por lei o uso do galego a nivel municipal como obriga institucional e en todas as actividades realizadas dentro do concello e desde o concello. Nese sentido, debe haber unha aposta clarísima e decidida por unha administración integramente en galego, lingua propia e nada en Galiza, mais lingua tamén de conexión e de ámbito internacional a través do portugués.

* Establecer que nos pregos de condicións dos concursos se inclúa de oficio a cláusula de que “as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego”.

* Liderar o proceso de que todos os concursos públicos teñen que ser enviados polos fornecedores na lingua propia como discriminación positiva. Para iso habilitaranse recursos e ferramentas.

* Establecer que todos os departamentos e organismos dependentes da deputación e do concello compostelán teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita, así como a súa utilización de todos os cargos eleitos no exercicio das súas funcións.

- * Establecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán normalmente en lingua galega.
- * Establecer que as intervencións xudiciais da Administración se realizarán en lingua galega.
- * Establecer que todos os contratos e axudas públicas de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.
- * Establecer normas xerais e uniformes sobre a capacidade lingüística exixíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.
- * Programar un novo proceso de formación lingüística dos funcionarios que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.
- * Garantir que no concello e outros entes locais, os empregados públicos coñezan e dominen a lingua galega coa mesma competencia que o castelán, para garantiren os dereitos lingüísticos da cidadanía, como o esixe a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritaria. Nese sentido, estableceranse os mecanismos necesarios para que isto sexa unha realidade e ofrecerase os recursos precisos para a súa consecución.
- * Establecer plans na deputación provincial para a adquisición e/ou elaboración de todos os programas de xestión administrativa en galego.
- * Establecer que as respostas telefónicas das administracións locais debe ser en principio en galego (Oferta Positiva).
- * Promoción e creación dun Foro da Lingua, dun Observatorio Lingüístico ou dunha Asemblea Aberta sobre lingua, que poña en conexión todas as entidades, movementos sociais, asociacións, colectivos, Equipas de Normalización Lingüística, ANPAS etc... do concello compostelán que traballan na defensa, na promoción e normalización do galego para debateren, coñeceren os recursos dispoñíbeis e ao alcance para podermos establecer obxectivos comúns medíbeis a conseguirmos no noso concello.
- * Actualizar todos os acordos e normas municipais sobre a lingua, avaliar o seu grao de cumprimento e procurar unha maior implicación de todos os departamentos.
- * Promover a normalización lingüística como sendo transversal en todas as políticas municipais do goberno compostelán.
- * Estudar as posibilidades legais que permite o ámbito xurídico da Unión europea (e dos acordos multilaterais asinados polo Estado Español) para que a lingua doutro estado membro fronteirizo (ou dunha mesma Eurorexión) dentro da U. E. teña algunha validez administrativa (que non oficialidade, obviamente) nas municipalidades. De ser o caso, o portugués podería beneficiarse destas posibilidades en Compostela. Permitiríase, por tanto, a entrega de documentación na lingua do país veciño. Medidas ambiciosas como esta dotarían a Compostela dun poderoso capital simbólico, ao tempo que serían beneficiarias inmediatas as persoas da importante comunidade lusófona do noso concello, así como aquelas compostelanas que viven e escriben a lingua galega como indiferente do portugués. De forma complementaria, deberán facilitarse cursos de capacitación en lingua portuguesa para o persoal do concello que tivese vontade de asistir. En caso de que non houberse ningunha fórmula legal aproveitábel, o concello de Compostela debería liderar a súa demanda, tecendo as alianzas que fosen precisas para isto.
- * Encadrar Santiago como cidade referente no marco galego-portugués, como capital da lusofonía en Galiza.

MEDIDAS NA EDUCACIÓN DAS PERSOAS E NO ENSINO

- * Incrementar o número de galegofalantes na cidadanía compostelá, por medio do sistema educativo e da transmisión familiar.
- * Realización de actividades de promoción do galego entre as crianzas, en vinculación coas familias, atendendo a ruptura interxeracional do idioma.
- * Reforzar actitudes positivas cara ao uso do galego por parte das persoas castelánfalantes. Nese sentido, creación de diferentes espazos socioculturais para que as familias castelánfalantes utilicen a lingua galega de forma progresiva.
- * Reforzar actitudes positivas cara ao galego, por parte das persoas galegofalantes, mediante a realización de campañas dirixidas a elas.
- * Apoio, promoción e difusión de proxectos educativos alternativos (cooperativos) nos que se usen sistemas de inmersión lingüística en galego, como o programa Preescolar na Casa (con presenza en Santiago), como a Semente Compostela ou outros proxectos semellantes que poidan xurdir e que teñan o galego como lingua de inmersión. Difusión entre a sociedade compostelá e galega destes modelos e proxectos educativos. Apoio á extensión destes proxectos de inmersión lingüística en galego.
- * Facilitarase o intercambio entre escolas ao Norte e Sur do Miño. Os nenos galegos, tanto galegofalantes como castelánfalantes, poden ser máis conscientes da vantaxe que é ser galegos cando se relacionan con falantes portugueses ou brasileiros.
- * Galeguizar as escolas infantís municipais, establecéndoas como vía de inmersión lingüística en galego. Por exemplo: rede de escolas infantís “Coelliño Branco”. Co resto do ensino (escolas, institutos, etc...) público e privado que non depende da xestión do concello, tentárase garantir que cando menos haxa un 50% de presenza do galego en toda a súa actividade e que contarán con materiais en galego. Realización de campañas de concienciación sobre a importancia do establecemento da inmersión lingüística en galego.
- * Implementación no Concello da Lei Valentín Paz-Andrade para a introdución do portugués desde xa en primaria e secundaria e, en particular nas escolas e nos institutos do concello de Santiago. Realización de campañas de sensibilización coa comunidade educativa de Compostela sobre a importancia da introdución do portugués nos seus centros educativos.
- * Convenio con profesores de portugués das EOI para daren cursos de portugués organizados desde o concello. Realización tamén de cursiños de portugués e de culturas lusófonas nos centros educativos no caso de a Xunta non cumprir coas súas obrigacións.
- * Apoio, promoción e difusión das campañas ou actividades levadas a cabo polas entidades da sociedade civil e do movemento de defensa da lingua que podan axudar a dar a coñecer a lusofonía entre a sociedade e potenciar a visión do galego como sendo internacional. Exemplos: OPS da AGAL: <http://pglingua.org/agal/info-agal/3377-ops>) en escolas e institutos do concello de Compostela; “É Mundial”, elaborado cada ano pola AGAL e outras organizacións : <http://emundial.org/2014/> , etc...
- * Apoio, promoción e difusión de calquera outra campaña interesante que poida xurdir, realizada polas diferentes entidades reintegracionistas.
- * Creación de grupos de afinidade temáticos para mellorar a comunicación oral entre galegos e portugueses. Creación de Clubes de lectura e actividades de fomento dos usos orais, mesmo con actividades a través da rede CSC como viaxes a Portugal... aPortos (AGAL) municipais, ou semellantes.

* Creación de grupos temáticos dirixidos a castelánfalantes e neofalantes para melloraren a sua capacidade lingüística en galego e para axudar a daren o paso para ao galego.

* Promoción de espazos de traballo alternativo, desde as bibliotecas até a rede de centros sociais e socioculturais para a promoción e difusión da lingua galega e tamén para a súa vinculación coa lusofonía.

* Creación dunha “Universidade Popular” de “avós” e “netos”, onde a xente maior transmita a lingua vinculándoa á realización de diferentes e variadas actividades. Estas actividades estarían centradas tanto en nenos, mozos como, en xeral, en persoas que desexaren mellorar o uso do galego co exemplo dos nosos maiores, ao tempo que se valoriza e incrementa a autoestima lingüística colectiva. Sería unha maneira tamén de empoderar a xente maior, darlle valor e prestixio, facendo que se sintan importantes, tendo en conta que a sociedade actual tende a desvalorizar os nosos maiores.

* Aposta decidida do galego como lingua de cohesión social. Ter programas de educación lingüística para inmigrantes que desexen aprender galego, alén dun maior coñecemento da cidade e de Galiza (isto dentro dos servizos que os axuden no tema de papeis e trámites administrativos).

MEDIDAS NO LECER E TEMPO LIBRE

* Fomentar o uso do galego nos ámbitos culturais, de lecer e tempo libre.

* Fomentar a presenza do galego nas áreas da relación e comunicación (cultura, música, ocio, deporte, etc...) e nos medios de uso habitual (TICs, Internet) da mocidade.

* Apoiar, promocionar e difundir o desenvolvemento de medios de comunicación en lingua galega. Eliminación das axudas a todos aqueles medios que dependan directamente do Concello e que incumpran a LNL, desrespectando mesmo a toponimia galega e non incluíndo o galego en ningún aspecto da súa actividade. As axudas serán destinadas a aqueles medios que empreguen o galego con normalidade.

* Favorecer e intensificar o intercambio cultural transfronterizo co mundo lusófono a través de entidades públicas e privadas, grupos e entidades culturais de Galiza, Portugal e outros países da lusofonía, favorecendo especialmente as actividades dos nosos rapaces e da nosa xuventude: campamentos, viaxes lúdico-culturais etc...

* Presionar, na medida do posíbel, en todos os lugares, para facilitar e facer realidade a recepción das televisións de Portugal en Galiza, no cadro da Lei 1/2014.

* Creación e actuación sobre os referentes lingüísticos actuais dos nenos e da xente moza de Compostela. A día de hoxe existe unha ausencia total de referentes galegos e en galego para os rapaces. Nese sentido, as persoas coñecidas e expostas socialmente deberían facer uso do galego publicamente: caso de deportistas, actores locais, etc. Con respecto a isto, a actividade ou actividades que realicen estes profesionais e outros debería requirir, mediante contratos, etc, o uso do galego. Sería interesante levar a cabo cursos de formación dirixidos a estes profesionais para facer que sintan tamén a necesidade de empregar a lingua.

* Realización de campamentos de verán ben na cidade de Compostela e a súa comarca, ben nas vilas ou cidades do Norte de Portugal, dirixidos ás crianzas e á xuventude. Serán campamentos de inmersión lingüística en galego e portugués e que fomenten a idea da visión internacional da nosa lingua. Mediante estes acampamentos os rapaces galegos e portugueses convivirían durante un período variábel, realizando actividades deportivas, culturais, ecolóxicas, de ocio e tempo libre, alén de lingüísticas (tendo os rapaces galegos aulas de portugués e culturas lusófonas e os rapaces portugueses aulas sobre aspectos do galego e da cultura galega). Pór desa maneira en valor a universalidade da nosa lingua e a potenciación da idea de que a nosa lingua é internacional. Non fai falta dicir que se trata de criarmos espazos en que os nenos poidan empregar o galego, por

tanto, a lingua ou linguas vehiculares serán o galego e o portugués e os rapaces deberán empregar a/s.

* Creación dun clube infanto-xuvenil desde o que se organice unha programación estábel de actividades, en galego, dirixidas ao público infantil e xuvenil e que se desenvolvesen nun ambiente completamente galegófono.

* Contratación de grupos de música galegos e lusófonos para as festas e festividades do concello, promovendo e dando a coñecer a nosa propia lingua dispersa polos cinco continentes. Elaboración de recursos para que os grupos galegos poidan transitar cara a repertorios en galego. Galeguicemos as nosas festas.

* Promoción de concursos de música de diversos estilos (rock, metal, pop, indie, fusión, folc etc...) para grupos e bandas musicais locais que empregaren o galego como lingua vehicular. Promoción e impulso dos grupos vencedores locais a nivel municipal e en xeral, galego.

* Promoción de programas de música na radio e na televisión locais dando a coñecer os diferentes grupos e bandas musicais locais de diferentes estilos que utilicen o galego.

* Creación dun canal de televisión de ámbito local que emita exclusivamente deseños animados en galego, durante grande parte do día. Terá de estudarse se debe ser xestionado polo concello ou pode atinxirse un acordo con algunha entidade actualmente propietaria dun canal de TV local. A perda da lingua nas persoas no treito inferior de idade no noso concello é acelerada, o número de horas que as nenas e nenos pasan diante de deseños animados en castelán contribúe poderosamente a esta perda. O deseños serán en lingua galega, mais introducindo necesariamente unha porcentaxe de deseños en lingua portuguesa, para habituar o ouvido das máis pequenas e pequenos ao son doutras variantes da nosa lingua, como as variantes brasileira e portuguesa. Sendo conscientes das limitacións orzamentarias, os deseños non poderán ser mui recentes (para evitar pagamentos de dereitos de autor elevados), mais este aspecto é menos importante para as faixas de idade mais pequenas. O mesmo podería dicirse da introdución de programas ou series dirixidas a adolescentes.

* Promoción do uso do galego nos canais de televisión e radio locais, establecendo e blindando, aínda que for por lei, un uso mínimo de 50% en galego.

* Promoción de concursos literarios (narrativa, poesía, teatro, etc...) en galego e dirixidos á xuventude de diversas idades até os 30 anos, promovendo e respectando as diversas normativas para o galego. ILG/RAG e AGAL/AO.

* Promoción dos grupos de teatro universitario galegos que empreguen o galego como lingua vehicular e nas súas obras. Realización de concursos entre grupos de teatro locais. Realización ou posta en funcionamento dunha “semana do teatro universitario” (ou doutra duración) aberta á cidadanía e á que tamén sexan convidados grupos de teatro universitario da lusofonía.

* Establecemento de convenios para recibirmos grupos de teatro da lusofonía que interpreten as súas obras nas salas de teatro locais. Difusión destas actividades culturais desde o concello compostelán.

* A Fundação Calouste Gulbenkian, unha das principais fundacións de Portugal, realizou a Plataforma9 que fomenta as relacións culturais entre os 9 países da lusofonía, incluída Galiza. Mediante convenios con organismos públicos e privados e con financiamento Europeo poderíase incluír un Festival Lusófono dentro de CineEuropa onde Compostela sexa a vanguarda deste cinema integrado por galegos, brasileiros, angolanos, mozambicanos. Por outro lado, o Cineuropa debería ter unha sección fixa galego-portuguesa-brasileira-africana, con cinema orixinal destas procedencias. Por outro lado, neste momento non existe na nosa cidade ningún cinema institucional ao que se poda acceder en versión orixinal e con subtítulos en galego ILG/RAG ou en galego internacional. Cineuropa podería ser este lugar onde seguir o ronsel liderado por outras iniciativas de cooperativas de cinema na nosa cidade que xa están a facer isto (exemplo: NUMAX). O Cineuropa

debería ser subtítulo en galego ILG/RAG e en galego internacional.

* Realización dun grande evento lusófono ao estilo “Cantos na Maré”, centrado nas letras. Correntes da Escrita. Tentar ser unha das sedes descentralizadas das Correntes da Escrita, mais en Santiago.

MEDIDAS SOBRE MEMORIA HISTÓRICA E LINGUA

* Recuperación da Memoria Histórica e lingüística do noso concello.

* Realización de estudos sobre patrimonio cultural (lingua, toponimia, antroponimia, historia, costumes, festas, arquitectura etc...) en colaboración con todas as entidades dedicadas a este respecto.

* Galicia é rica en nomes de lugares, sobre todo microtoponimia, nomes de leiras, regos, carreiros etc. Ao medrar a cidade e as leiras seren convertidas en casas, eses nomes belísimos, preservados por xeracións, fican esquecidos. Deberían preservarse como nomes de rúas.

* Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta á disposición da sociedade na rede.

* Corrección de toda a sinalización castelanizada do concello, incluíndo tamén a toponimia etc... Establecemento dun web que informe e difunda entre a sociedade a nosa toponimia, antroponimia, hidronimia, etc... Realización de campañas de sensibilización social sobre a nosa toponimia, microtoponimia, antroponimia, etc...

* Creación dun web municipal en que a cidadanía poida enviar denuncias anónimas sobre o estado do noso patrimonio e sobre aberracións lingüísticas cometidas polo propio concello ou entidades.

* Catalogación e marcación física de todo o patrimonio arquitectónico abandonado do concello. Para iso, apoiar grupos locais, asociacións, colectivos, entidades, etc... Restauración (se poder ser) ou esixencia á Xunta de Galicia da aplicación da súa obriga de restauración, recuperación e protección do noso patrimonio material e inmaterial. Realización de campañas de sensibilización social sobre a importancia e conservación do noso patrimonio material e inmaterial.

* Creación dun web municipal aberto e público en que se difunda á cidadanía galega o carácter internacional do galego e en que se poida visualizar e percorrer as políticas de promoción e defensa das linguas minoritarias e minorizadas da Europa. Un web que informe sobre o verdadeiro plurilingüismo de países como, por exemplo, Luxemburgo, sendo que, nese sentido difunda claramente as súas políticas para quebrar coa concepción que determinados grupos galegóforos estableceran en Galiza e que consistiu en estender a idea de que “lo que sucede en Galicia con las políticas de promoción del gallego no existe en ningún otro país del mundo”. Un web que denuncie as políticas de exterminio doutras moitas linguas, culturas e comunidades, entre elas o galego. Un web que tamén difunda a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias e a obriga de España e da Xunta de Galicia para o seu cumprimento.

MEDIDAS NA ECONOMÍA

* Apoio e difusión de todo o tecido asociativo e empresarial que fai uso do galego nas súas actividades económicas.

* Campañas de sensibilización e galeguización da estrutura da restauración compostelá e das empresas que traballan no concello. Traballar na concienciación dos donos dos locais e das em-

presas para esta consecución.

* Rotulación en galego. Esta política ten que ser levada a cabo dunha maneira adecuada. Os requisitos a aplicar deben ser moi variados e non unicamente centrados en aspectos lingüísticos.

* O uso do galego debe ser un dos criterios á hora de adxudicar axudas ou subsidios a proxectos empresariais, sociais...ou de calquera outro tipo. Con todo, débese evitar que este tipo de criterios sexa visto, desde fóra da administración, como unha sorte de arbitrariedade ou mera cuestión ideolóxica, así como que acabe por se converter nun simple formalismo para captar fondos públicos destinados á normalización lingüística.

* Modificación do premio que outorga o concello de Santiago ás empresas de Compostela que empregan a lingua nas súas actividades económicas e que é coñecido como “Premio Manuel Beiras”. Desde sempre trátase dun premio simbólico. Do meu punto de vista ten que ser un premio prestixiado, ao que se lle outorgue grande importancia e que conte cunha prestación económica importante.

* Realización dunha Feira Económica da Lusofonía focada no ámbito económico que dea a coñecer empresas galegas e da lusofonía que utilicen o galego e o portugués en todas as súas actividades e produtos (restauración, textil, audiovisual, música, empresas, etc...).

* Desenvolvemento de cursos de lingua galega, portuguesa e española para estranxeiros, como xeito eficaz de desestacionalizar a actividade turística e rendibilizar a ampla planta hoteleira da cidade.

* En Extremadura, o portugués é lingua estratéxica para a economía Extremeña. Compostela que recibe un Turismo internacional con grande afluencia de persoas de Portugal e do Brasil debería promover a aprendizaxe do Portugués polo sector da Hostelería, o fomento da comunicación en portugués nos espazos hosteleiros, e a xeración de recursos para acompañar ese tránsito.

COMPOSTELA ABERTA Á MOCIDADE

Temos presente que a mocidade debe ser un motor de vitalidade, dinamismo e inconformismo que enriqueza os concellos pero tamén somos conscientes de que somos un dos sectores que máis sufriu as consecuencias da crise económica. O paro, a precariedade laboral, son algúns dos problemas aos que nos enfrontamos a día de hoxe, coa consecuencia engadida da imposibilidade de emancipación e autonomía dun gran número de mozas e mozos.

Dende Compostela Aberta queremos propor medidas que abranguen no só a cuestións económicas e de emprego senón tamén de promoción dunha política diferente baseada no principio de democracia participativa, na que a mocidade incrementa o seu protagonismo na toma de decisións sobre políticas de xuventude.

Os eixos fundamentais de traballo son:

EMPREGO E EMANCIPACIÓN.

Pór en marcha un Plan municipal de emprego xuvenil.

Crear unha Oficina municipal de asesoramento e orientación laboral.

Elaborar un Plan municipal de acceso á vivenda

Estudar as necesidades reais en materia de vivenda do estudantado do concello e creación dun servizo de asesoramento para a procura de aloxamentos así como dunha plataforma “online” para estas tarefas (compartir información sobre as vivendas, redes de persoas en busca de compañeiros e compañeiras, etc...)

Fomento do traballo local fronte o fomento do emprego exterior

Procurar que as licenzas de hostalaría non sexan concedidas a locais que non paguen o salario mínimo interprofesional, incentivando os contratos a tempo completo e desincentivando os contratos en prácticas ou de formación que están contribuíndo a precarización da situación da mocidade en Compostela.

IGUALDADE E ATENCIÓN A SEXUALIDADE

A erradicación dos valores machistas e patriarcais na mocidade e a educación en materia de sexualidade é fundamental se queremos avanzar na construción dunha sociedade liberada que teña a igualdade como o piar na que sustentarse.

Fomentar campañas municipais integrais que incidan nunha educación integral non patriarcal especialmente dirixida ao alumnado de primaria e de ensino medio, así como de accións orientadas a prevención erradicación do maltrato machista entre a mocidade.

CIDADANÍA E PARTICIPACIÓN

Apoiar e desenvolver do Concello municipal de xuventude que promocióne o asociacionismo xuvenil.

Programas e accións de fomento do asociacionismo.

Incrementar o protagonismo da poboación nova na toma de decisións sobre políticas de mocidade.

DEPORTE

Fomentar que nas direccións dos clubs deportivos denominados de base haxa mozas e mozos de entre 18 e 31 anos.

COMPOSTELA ABERTA AO DEPORTE. UN CONCELLO EN BOA FORMA.

A proposta de políticas deportivas para o concello de Santiago de Compostela baséase na idea do deporte como saúde, e como xeito de socialización dos cidadáns e das cidadás deste noso Concello. Un lecer que repercute positivamente na saúde de quen practica o deporte e por conseguinte un incremento dos sorrisos e benestar do que a todos e todas nos gusta gozar. Un movemento de saúde asociado á práctica deportiva en todos os seus ámbitos, desde o profesional, que fomenta nos cidadáns e cidadás un sentimento de identificación e que é un exemplo positivo para animar a máis persoas a practicar deporte, e por suposto o deporte amador, aquel co que buscamos saúde, benestar e en xeral sentirnos mellor con nós mesmos e cos e coas que nos rodean.

Queremos redefinir o concepto de deporte asociado a grandes acontecementos a espectáculos de masas e convertelo en deporte asociado ás persoas, desde a idade escolar até o deporte na terceira idade, cada un coas súas necesidades e querencias.

E para isto en Compostela aberta organizamos a nosa proposta en tres eixos principais, considerados retos:

RETO 1: COMPROMETERSE CUN DEPORTE ÉTICO E CUNHA XESTIÓN PÚBLICA

Trátase de recuperar o espírito deportivo e o xogo limpo nas xestión do deporte en Santiago,

implantando medidas de transparencia. Recuperar a xestión pública das instalacións deportivas públicas.

Liña de acción 1: Comprometerse cun deporte ético

Acción 1: Seguindo os principios fundacionais e que impregnan todo o programa de Compostela aberta, pular pola transparencia en todas as accións e medidas na área de deportes.

Acción 2: Renovar e manter as instalacións actuais antes que a construción de novas infraestruturas.

Acción 3: Chegado o caso, estudar o uso e a demanda das infraestruturas existentes para planificar a necesidade de novas dotacións.

Liña de acción 2: Recuperar a xestión pública das instalacións deportivas municipais

Acción 1: Construír o complexo deportivo de Conxo/Santa Marta coa súa piscina e cunha xestión o máis pública posible.

Acción 2: Recuperar na medida do posible da xestión de pavillóns, piscinas, pistas de tenis, campos de fútbol e demais instalacións que agora mesmo non están xestionadas directamente polo concello.

RETO 2: FAVORECER O DEPORTE FEMININO, NA TERCEIRA IDADE, EN IDADE ESCOLAR E O DEPORTE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E POTENCIAR OS DEPORTES CON MENOS PRESENZA NO CONCELLO.

Trátase de favorecer a práctica deportiva a persoas que o teñen máis difícil actualmente, o deporte feminino, o deporte de persoas con discapacidade e de persoas maiores, e ao deporte de base e escolar. Así como potenciar deportes minoritarios para que haxa un abano maior de modalidades deportivas no concello.

Liña de acción 1: Favorecer o deporte feminino, na terceira idade, o deporte de base e escolar e o deporte `para persoas con diversidade funcional.

Acción 1: Promover a participación das persoas con diversidade funcional en actividades deportivas xerais e específicas adaptadas a súas necesidades de apoio (segundo o artigo 30 da convención internacional das nacións unidas polos dereitos das persoas)

Acción 2: Accesibilidade as instalacións a todas as persoas con diversidade funcional de diversidade diferentes e acceso gratuíto para as persoas de apoio necesarias. (barreiras arquitectónicas, información en lectura fácil, pictogramas...) Mesmo no acceso ao vaso da piscina.

Acción 3: Ampliar a convocatoria de axudas para o deporte a entidades sen ánimo de lucro de promoción do deporte adaptado non só a deporte federado.

Acción 4: Crear redes de apoio mutuo entre clubs de diferentes deportes e entidades sen ánimo de lucro.

Acción 5: Facilitar o acceso ás instalacións deportivas e a programas deportivos ás persoas en risco de exclusión social para facilitar a súa integración na sociedade.

Acción 6: Adecuar as instalacións existentes e as novas que se constrúan aplicando criterios de usos mixtos da instalación desde unha perspectiva de xénero. Varios vestiarios e dun tamaño axeitado para equipos mixtos e femininos.

Acción 7: Potenciar o nacemento de seccións femininas e mixtas nos clubs do concello.

Acción 8: Promover ligas intercentros ou dentro da comarca de equipos femininos ou mixtos.

Acción 9: Continuar a implantación de circuítos biosaludables, e cursos ou xornadas deportivas dirixidas especificamente á terceira idade. Focalizando sobre todo nas parroquias do rural.

Acción 10: Deseñar actividades deportivas atendendo á franxa de idade a que van dirixidas.

Liña de acción 3: Potenciar deportes minoritarios para que haxa un abano maior de modalidades deportivas no concello en especial na que os clubs do concello foron pioneiros.

Acción 1: Crear unha bolsa de equipamento deportivo no Concello para prestarlo a entidades de deportes de pouca implantación de nova creación. (Camisolas, balóns, material variado...)

Acción 2: Apoiar desde o Concello a creación dunha federación naqueles deportes que aínda non a teñan.

Acción 3: Facilitar na medida do posible, o uso de instalacións deportivas tanto para adestramentos como para competicións. Así mesmo na medida das posibilidades físicas das instalacións, facilitar un local como sede do equipo e par as súas xuntanzas, así como facilitar os trámites para a apertura de locais sociais xestionados polos clubs e asociacións deportivas.

Acción 4: Ceder un almacén ou local municipal para os clubs deportivos que non poidan gardar noutro lugar o seu equipamento. Mediante pequenos armarios con chave ou semellante.

RETO 3: CONVERTER O DEPORTE NUN VERTEBRADOR DO CONCELLO E MOTOR DE CIDADANÍA

Trátase de implicar á cidadanía no día a día do deporte, recupear a figura do consello municipal do deporte, orzamentos participativos e favorecer o uso das instalacións municipais para vertebrar o asociacionismo de tipo deportivo no concello e ademais deseñar vías de sendeirismo e ciclables que conecten a cidade co rural. Trátase tamén de promover a actividade física como prevención da saúde e fortalecedora da autoestima e a saúde.

Liña de acción 1: O deporte como vertebrador da cidadanía e do asociacionismo.

Acción 1: Recuperar o Consello municipal do deporte, cunha representación de todos os deportes presentes no concello. Terá función consultiva e de control a área de deportes do Concello e será o encargado de xestionar o orzamento participativo.

Acción 2: Orzamentos participativos pola cidadanía por áreas ou deportes.

Acción 3: Potenciar as canles de comunicación entre os clubs e deportistas e o Concello, para facilitar a codecisión de todos os e todas as axentes implicados e implicadas na política deportiva.

Acción 4: Organizar a “Feira do deporte de Santiago” Un día no que todos os clubs do concello saian á rúa e poidan amosar ao resto da cidadanía os seus deportes e darse a coñecer, tanto o propio club coma a especialidade deportiva.

Acción 5: Instalar wifi nas instalacións deportivas municipais cando as condicións técnicas o permitan.

Liña de acción 2: A actividade física e o deporte como axente de prevención da saúde e de benestar persoal.

Acción 1: Impartir cursos de iniciación á práctica deportiva dirixido a deportistas de todas as idades (Para evitar posibles lesións no futuro, bos hábitos posturais e de movementos mecánicos,...)

Acción 2: Coidar a política de contratación do persoal deportivo para evitar posibles lesión pola mala execución de actividades físicas.

Acción 3: Continuar cos circuitos saudables, reparando os que xa están construídos e en malas condicións e estudar a posibilidade de construír novo equipamento saudable onde se detecte demanda. Focalizando este esforzo no rural do concello.

Acción 4: Reparar o firme da Alameda para evitar lesións e marcaxe do seu perímetro.

Acción 5: Acondicionamento da Granxa do Xesto no Pedroso como circuito para correr, e marcando tamén o seu perímetro deseñando circuitos de diferente intensidade e dificultade. Conectar este circuito polo perímetro da aba do Pedroso cun circuito biosaudable e cun camiño que nos leve desde o Parque de Galeras ata este circuito, perfectamente marcado e delimitado. Este circuito disporá de fontes.

Acción 6: Recuperar o espírito do CorreSan, facendo fincapé na actividade física como saúde e como divertimento.

Acción 7: Recuperar o Estadio de San Lázaro para máis deportes. Tirar proveito das pistas de atletismo.

Acción 8: En colaboracións cos clubs ciclistas realizar unha campaña de concienciación e potenciación do uso da bicicleta e de seguridade vial.

Liña de acción 3: Conectar e relacionar a cidade co rural do concello

Acción 1: Pór en valor e a condicionar a vía verde que percorre o concello desde Amio pasando por Sionlla, Verdía, Busto e Neiro ata o Concello de Oroso. Estudar a posibilidade de ampliar os quilómetros de vías verdes no concello. Isto posibilitaría a dinamización do rural norte e a a súa conexión coa cidade.

Acción 2: Realizar unha Rota Sar-Sarela. Unha vía de sendeirismo e apta para ciclismo e cadeiras de rodas que parta do Multiusos do Sar, pasando por Sar, Pontepedriña, Paxonal, Conxo, Rocha, Vidán, San Lourenzo, Carme de Abaixo, Galeras, Vista Alegre e finalizando no Romáño.

Acción 3: Estudar a posibilidade dunha grande rota de sendeirismo e/ou ciclable que comunicase as parroquias do rural co centro da cidade, para pór en valor as riquezas culturais e paisaxísticas do rural compostelán.

Acción 4: Marcar, en colaboracións cos clubs ciclistas da cidade un circuito de BTT nos montes do concello, en especial no Pedroso, atendendo as súas peculiaridades paisaxísticas.

#UN CONCELLO PARA VIVIR

O dereito á mobilidade das persoas, á planificación urbana e territorial, tanto na cidade como no rural e o dereito á vivenda, son recoñecidos pola carta das Nacións Unidas e pola Constitución, e a pesar diso seguen sendo unha reivindicación imprescindible para conseguir un concello mellor para VIVIR.

Estes tres temas están interconectados entre si e ademais teñen moito que ver coa necesidade de garantir a sustentabilidade ambiental, a protección do patrimonio e a diversidade cultural ademais de velar polo uso racional tanto por parte das persoas que vivimos como das persoas que visitan unha cidade que é Patrimonio da Humanidade, e que ten no turismo unha oportunidade para xerar emprego e oportunidades para mellorar,

COMPOSTELA ABERTA Á MOBILIDADE, AO URBANISMO E Á VIVENDA

O programa de goberno de COMPOSTELA ABERTA debe buscar mellorar a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás, facer un concello e un territorio mais habitable, ten que entender a necesidade de dinamismo do concello, pensar neste como un organismo vivo que necesita estar sempre en movemento adaptándose e anticipándose as necesidades futuras para poder recuperar o pulo do concello e ser un referente a nivel mundial como urbe de referencia, como o foi na rehabilitación do seu patrimonio histórico e cultural, e non unicamente como remate do Camiño de Santiago.

Debemos traballar por un concello **dinámico e optimista**, en proceso de transformación continuo, **inclusivo, aberto á pluralidade e á participación dos seus e das súas habitantes** na toma de decisións **con transparencia, que planifique con racionalidade a utilización dos recursos** e cun propósito claro de recuperar os lazos que o unen co territorio.

O concello debe ser entendido coma un organismo vivo e, como tal, cada elemento cumpre a súa función e depende do outro para funcionar correctamente: os cidadáns e as cidadás serían as células que manteñen viva o concello, os órganos serían os espazos públicos, os barrios, as parroquias rurais, as institucións (públicas e privadas) e os músculos que lle dan a forza necesaria estarían na industria, na Universidade, na cultura... Todos se necesitan e deben funcionar como unha rede territorial cun proxecto común para que o concello poida cumprir a súa función, logrando a integración do territorio, da paisaxe, das augas, dos espazos naturais na complexidade urbana coa finalidade de reducir a pegada ecolóxica botando man dos seus recursos naturais.

Para desenvolver este programa de futuro, Santiago de Compostela necesita establecer unha estreita simbiose cos seus veciños e as súas veciñas, e para iso debe liderar un gran movemento de colaboración urbana e territorial que abrangue desde Ribeira e Vilagarcía ata Arzúa e Melide, e desde Silleda ou A Estrada ata Santa Comba ou Muros, cun proxecto que sume concello e territorio e que estimule o desenvolvemento das súas enormes posibilidades de relación e comunicación, culturais, de emprendimento, medioambientales, etc.

Queremos unha Compostela igualitaria, xusta, xenerosa, inclusiva, creativa, ética e participativa, na que todas as persoas poidan vivir con dignidade.

RETO 1: O DEREITO Á MOBILIDADE

Necesidade de primar os movementos das persoas, ampliando o espazo peonil e reducindo a presión do vehículo privado. Queremos un concello inclusivo e igualitario pensado para persoas de todas as idades, contemplando todos os medios de transporte, públicos e privados e a súa intermodalidade, unindo os diferentes medios de curto e longo percorrido.

Liña estratéxica 1.- Elaborar un **Plan de mobilidade** contemplando todos os usos, e medios de transporte, co compromiso de levalo á práctica. Este Plan terá en conta a mobilidade interna e metropoli-

tana, analizando todos os desprazamentos e medios, incluíndo os percorridos a pé e en bicicleta, co obxectivo de reducir a presión do automóbil e o consumo enerxético

Liña estratéxica 2.- Ampliar o espazo peonil e o espazo público para uso das persoas. Prioridade ampliar espazo nas rúas para os peóns e desenvolver **corredores verdes** peonís seguros entre o centro e os barrios e cos núcleos máis próximos, aproveitando as contornas do Sar e Sarela.

Acción tipo: Novas peonalizacións e creación de novas centralidades con dotación de espazo público, cultural e comercial en cada barrio e parroquia rural.

Acción tipo: trazado de corredores verdes ou vías peonís ou ciclables que permitan conexións por espazos verdes. Por exemplo trazado Viario entre o Milladoiro e Conxo e de aquí ao Paxonal pola beira do Sar.

Liña estratéxica 3.- Reducir o tráfico rodado en toda a cidade, integrando este obxectivo como prioritario no Plan de Mobilidade.

Acción tipo: evitar que o tráfico rodado cruce a cidade polo centro, con introdución de direccións únicas e dirixindo o tráfico por alternativas periféricas, de forma que podamos recuperar para o uso peonil preferente rúas como San Pedro ou Virxe da Cerca.

Acción tipo: contemplar medidas específicas que melloren a mobilidade e a seguridade en horarios de entrada e saída aos colexios.

Acción tipo: Facilitar e facer atractiva a utilización dos aparcadoiros disuasorios, con mellores ubicacións, conexións máis frecuentes, autobús expres ou similar e máis servizos para incentivar o uso

Liña estratéxica 4.- Facilitar o uso da bicicleta como alternativa ao automóbil, en toda a cidade e na relación cos núcleos próximos. Aplicación de medidas para calmar o tráfico e elaboración do Plan director ciclable de Compostela.

Acción tipo: creación de zona 30 en toda a cidade histórica, Ensanche e Campus para facilitar a convivencia dos diferentes tráfico rodados.

Acción tipo: Aumentar os aparcadoiros de bicicletas tipo u invertido, reservar espazo para as bicicletas nas paradas dos semáforos diante xusto destes.

Liña estratéxica 5.- Promover a creación dunha estación intermodal para favorecer a conexión entre os distintos modos de transporte enlazando a longa e media distancia cun tren de cercanías e co transporte urbano e metropolitano, incluíndo unha conexión eficiente e rápida co aeroporto. A ubicación da nova estación intermodal no espazo actual da estación de ferrocarril deberá servir para devolverlle á cidade a cohesión e comunicación perdidas polo actual trazado do camiño de ferro, recuperando a conexión peonil cos barrios do sur, Pontepedriña, Paxonal e tamén coas Brañas do Sar. Estudar a posible implantación por fases reducindo os custos ao máximo e aproveitando e reutilizando o existente, cando poda adaptarse as novas necesidades.

Liña estratéxica 6.- Mellorar o transporte público e promover o seu uso, tanto o autobús urbano coma o metropolitano, cun servizo eficiente como medida alternativa ao automóbil.

Acción tipo: introdución de rotas a demanda e microbuses para atender o rural, conectando todas as parroquias co centro urbano.

Acción tipo: Utilización de buses máis pequenos e con maior frecuencia nas áreas de convivencia co peatón.

Acción tipo: Mellorar a información nas paradas das frecuencias e introdución de avisos sonoros e visuais nos autobuses para facilitar o uso por invidentes e a comprensión por parte dos turistas ou visitantes.

RETO 2. UN NOVO URBANISMO PARTICIPATIVO E INNOVADOR

O urbanismo ou as políticas urbanísticas de transformación da cidade xa non pasan polo crecemento, necesitamos un novo urbanismo que mellore a cidade, os barrios, o rural , facendo da transparencia e participación o carácter singular que nos diferencia dos anteriores gobernos.

Necesitamos regular usos no ámbito da cidade histórica para fomentar a súa vitalidade e adaptar o planeamento as necesidades e demandas reais. Análisis dos barrios e nucleos rurais, en canto a poboación, servizos, dotacións, comercio, para ter indicadores por distritos que permitan avaliar e equilibrar a súa calidade , creando novas centralidades.

Liña estratéxica 1.-Mellorar a **calidade do espazo público** tendo en conta o criterio dos seus usuarios, os cidadáns, e promovendo a convivencia entre os diferentes ciclos vitais.

Acción tipo: reunións veciñais previas á redacción dos proxectos.

Acción tipo: introducir infraestruturas de descanso e xogo para a convivencia de todos os grupos de usuarios e usuarias

Acción tipo: Habilitación de lavabos públicos accesibles cerca dos espazos públicos abertos.

Liña estratéxica 2.-Recuperar e **renovar os barrios** con programas específicos de renovación de vivendas e con medidas e concretas que reforcen os usos socioculturais e comerciais para os e as habitantes. Mellora das conexión peonís co resto da cidade, resolución de problemas de aparcamento e medidas de fomento do comercio local.

Acción tipo: auditoría de espazos públicos e equipamentos socioculturais para actuar sobre os mesmos convertíndoos en lugares de encontro e identidade para os seus usuarios.

Liña estratéxica 3.- Recoñecer o valor esencial do **mundo rural** e dos seus núcleos para a cidade de Santiago, defendendo o sector primario como actividade e medio de vida para a súa poboación.

Acción tipo: dotación progresiva de servizos para equiparalos ao resto da cidade.

Acción tipo: auditoría de espazos públicos e equipamentos socioculturais para actuar sobre os mesmos convertíndoos en lugares de encontro e identidade para os seus usuarios.

Acción tipo: fomentar a conservación dos usos comerciais de proximidade, con exencións impositivas.

Liña estratéxica 4.- Revalorizar os **espazos libres** e as **zonas verdes** con especial atención e coidado dos cauces fluviais do concello.

Acción tipo: recuperar o documento da Estratexia Verde para a nosa cidade que supón un reto para ser un referente na sustentabilidade ambiental e acometer o proxecto de Brañas de Sar contemplado na mesma, respectando os seus valores ambientais e promovendo a recuperación exemplar do seu uso agrario.

Acción tipo: Creación de corredores verdes ao longo destes espazos fluviais cara a Padrón e ata o Tambre, respetando os seus valores medioambientais.

Acción tipo: creación de hortas urbanas para xestionar pola cidadanía, ben en terreos públicos ou chegando a un convenio para a cesión temporal por parte dos propietarios, como na zona de Hortas.

Liña estratéxica 5.- Revitalizar a **Cidade Histórica**, fomentando o mantemento e a introducción de habitantes novos e novas e limitando e regulando os usos turísticos e comerciais.

Acción tipo: introducción de ordenanzas que regulen ou limiten temporalmente a apertura de novos establecementos hostaleiros(hoteis, pensións, albergues e apartamentos turísticos) que fan que se incremente o valor dos edificios e dificulten o seu uso residencial.

Acción tipo: *introducción de ordenanzas que regulen usos comerciais saturados, como as tendas de souvenirs de baixo custo.*

Liña estratéxica 6.- Auditar equipamentos e servizos existentes e do estado de conservación e utilización dos mesmos, previa a decisión de creación de novos ou eliminación dos existentes ou previstos.

Acción tipo: *paralización do expediente de derrubo da Casa da Xuventude destinándola a usos socio-culturais municipais.*

Acción tipo: *valoración da necesidade de construír o novo colector cultural previsto na Almáciga*

Liña estratéxica 7. Difundir entre os cidadáns e as cidadás o valor do **Patrimonio** existente no noso concello dende o arqueolóxico e etnográfico ata o territorial, como son os camiños, os núcleos rurais ou as curtidorías. Este recoñecemento do valor patrimonial na nosa contorna axudará tamén a diversificar as estancias turísticas na cidade.

Liña estratéxica 8.- Mellorar a funcionalidade e integración na trama urbana das infraestruturas viarias creadas.

Acción tipo: *mellorar a circunvalación e os enlaces da AP-9 á cidade.*

Acción tipo: *integrar na trama urbana a actuación de infraestruturas acometidas nos últimos tempos como o nó da autoestrada da Rocha, que dificulta a conexión peonil entre Santiago e Milladoiro.*

Acción tipo: *solución consensuada cos veciños e veciñas para a rotonda de Conxo sobre o periférico de forma que se mellore a comunicación entre as dúas partes do barrio.*

Liña estratéxica 9.- O Planeamento xeral debe ordenar o crecemento do concello, polo que será necesario revisalo para adaptalo as necesidades de crecemento actual. Evitaremos convenios ou modificacións do planeamento para aumentar o aproveitamento de particulares.

Acción Tipo: *revisión do Plan Xeral neste período de goberno municipal.*

Acción Tipo: *revisión do convenio da Finca do Espiño, para evitar a edificación prevista pola modificación do Planeamento.*

Liña estratéxica 10.- Xerar unha oferta efectiva de solo industrial para implantación de novas empresas.

RETO 3.- A VIVENDA É UN DEREITO DOS CIDADÁNS E DAS CIDADÁS.

Recoñecemento do dereito constitucional do acceso á vivenda por parte dos cidadáns e das cidadás, con **políticas de vivenda que permitan o acceso a mesma de todos os sectores da poboación**, evitando a especulación e fomentando a reinvestimento das plusvalías urbanísticas en vivenda de promoción pública.

Liña estratéxica 1. Crear un **parque público de vivendas en alugueiro** priorizando o acceso da xente nova.

Acción tipo: *evitar o cambio de uso da parcela da avenida Xoán XXIII destinada á construción de vivendas en alugueiro para a mocidade.*

Liña estratéxica 2. Manter unha porcentaxe mínima do 40 % ou superior de **vivenda de protección pública** nos novos desenvolvementos urbanísticos e destinar os solos de cesión municipal a vivenda en alugueiro.

Liña estratéxica 3. Evitar a proliferación de vivendas baleiras ou en estado de abandono promovendo a súa saída ao mercado de alugueiro.

Acción tipo: xerar unha bolsa de vivenda privada con xestión pública creando un rexistro de propietarios e propietarias interesados e interesadas na cesión de vivendas e de demandantes.

Acción tipo: medidas impositivas con recarga de IBI para aquelas vivendas sen uso.

Acción tipo: acordos cos propietarios e propietarias para rehabilitar as vivendas abandonadas ou en estado de ruína, a cambio da cesión temporal ao concello para destinar as vivendas resultantes ao alugueiro.

Liña estratéxica 4. Fomentar a rehabilitación do parque edificatorio existente en toda a cidade.

Acción tipo: Crear axudas e apoiar na tramitación para fomentar obras de eficiencia enerxética .

Acción tipo: Programa específico para apoiar a instalación de ascensores en edificios con habitantes con dificultades de mobilidade.

Liña estratéxica 5.- Evitar os despexos de veciños e veciñas por parte dos bancos, sin prestar ningún tipo de recurso ou medios do concello e actuando de mediadores e mediadoras, apoiando o traballo de STOP Desafiuzamentos. Ademais disto o Concello retirará os fondos das entidades financeiras que executen despexos en primeiras vivendas.

RETO 4. XESTIÓN INNOVADORA E PARTICIPATIVA

As políticas urbanísticas e de xestión do público terán na transparencia e participación o carácter singular que nos diferencie doutras propostas e dos gobernos anteriores.

Transparencia para que a veciñanza teña acceso con facilidade a todas as xestións que realizan os e as responsables dos recursos públicos. A transparencia, neste campo, debe afectar ao urbanismo, aos procedementos de contratación de obras e servizos, á xestión, tanto pública como delegada en terceiros e terceiras, á distribución de orzamento e as súas motivacións, ao nomeamento de cargos e a súa xustificación, á axenda dos e das representantes públicos, aos cobros de taxas municipais, etc.

Participación para que os cidadáns e as cidadás poidan influír directamente nas decisións dos propios e das propias responsables políticos e políticas, recibindo, ao mesmo tempo, información destes e destas. A participación é importante para manter unha relación san entre goberno e gobernados e gobernadas e, ao mesmo tempo, coñecer as opinións doutros cidadáns e de outras cidadás e colectivos que utilizan os mesmos espazos públicos, as mesmas infraestruturas e equipamentos, con necesidades diferentes.

Liña estratéxica 1. O Concello debe ser proactivo e implantar accións concretas que fomenten a transparencia dende a administración local.

Acción tipo: Canle de recepción e contestación de propostas, dúbidas e denuncias... Participación aberta as iniciativas e reivindicación da xente e os colectivos (con compromiso de discutilos e incorporalos aos programas e investimentos anuais).

Acción tipo: Implantación da consulta de alternativas – no marco formal da Avaliación Ambiental Estratéxica e no informal que se implante - como algo esencial na toma de decisións urbanísticas. A implantación de programas anuais resulta esencial para acadar os obxectivos propostos.

Acción tipo: Publicación web de TODOS os documentos, actas, programas e plans de actuación....

Acción tipo: acceso en Rede por parte do interesado ou interesada á tramitación dos seus expedientes.

Liña estratéxica 2.- Mellorar o funcionamento da área de Urbanismo do concello promovendo a participación de máis axentes no deseño do concello.

Acción tipo: Utilización dos Concursos abertos como fórmula de contratación preferente

Acción tipo: Centro de estudos urbanos con lugar de arquivos, formación e divulgación educativa e a celebración de xornadas, e liñas de información cidadá específica.

Acción tipo: Creación de foros de participación, tanto con colectivos cidadáns (asociacións de veciños e veciñas, comerciantes, asociación cidadáns, cooperativas, colectivos innovadores, especialistas de recoñecido prestixio...) como con institucións (Universidade, Xunta, Deputación, Fegamp, Eixo atlántico,...).

Acción tipo: Colaboración con outras estruturas administrativas e asociativas e introdución dunha visión máis transversal na xestión do municipal (evitar os compartimentos estancos por áreas de responsabilidade ...).

COMPOSTELA ABERTA Ó RURAL

A proposta de políticas de transformación do rural de Compostela Aberta baséase na idea da recuperación do agro como valor engadido para a cidade. Para iso potenciarase a integración administrativa e social do agro na vida do concello, a posta en valor do rural como fronte de riqueza, así como a reinversión do concello no mundo rural para axeitar os servizos ós estándares urbanos, e axeitar a presión fiscal ós servizos reais cando non o sexa.

Organizamos a proposta en tres retos:

RETO 1: ADECUAR OS SERVIZOS Á PRESIÓN FISCAL NAS PARROQUIAS RURAIS

Actualmente, nas zonas rurais os servizos son dunha calidade moito peor que os servizos que se teñen na cidade: Rede de augas envellecida e mal instalada que implica constantes cortes para arranxar tuberías perforadas. Sistema eléctrico no que os cortes, os microcortes e as baixadas de tensión son constantes. Sistema de recollida de basuras sen posibilidade de separación de residuos e cunha recollida de 1-2 veces por semán. Estradas en mal estado. Internet de baixa velocidade ou inexistente... Sen embargo, á hora de pagar, unha familia do rural sofre similar presión fiscal que calquer outro cidadán. Compostela Aberta quere adecuar os servizos do rural ós existentes na cidade. Facendo de intermediador coas outras administracións e empresas nos casos en que non sexa competencia municipal, e mellorando os servizos cando sí o sexa. No caso de non ser posible a curto prazo, prantéxase unha rebaixa fiscal para que os cidadáns do rural non teñan que pagar por servizos que non reciben.

Liña estratéxica 1: Diagnose e mellora dos servizos.

Acción 1.1: Auditoría dos servizos públicos no rural.

Acción 1.2: Intermediación coas empresas ou administracións suministradoras desos servizos cando non competan ó concello.

Acción 1.3: Mellora dos servizos nos que o concello teña competencias.

Liña estratéxica 2: Adecuación da presión fiscal.

Acción 2.1: Aumento da inversión do concello no rural tendente a equilibrala co gasto por habitante na cidade.

Acción 2.2: Rebaixa fiscal proporcional cando non se alcance o mínimo de calidade na prestación de servizos por parte do concello.

RETO 2: DAR VALOR Á TERRA E ÓS SEUS PRODUCTOS

Grazas ás políticas europeas e estatais, moitos agricultores e gandeiros tiveron que abandonar as súas explotacións ó non compensarlles labrar os campos para colleitar alimentos porque sae máis barato importalos doutros lugares. O resultado é que os labradíos se convirten en prados, plantacións de eucaliptos ou directamente se deixan a monte. O gran problema ven polos procesos de transformación e distribución, que fan que o prezo que paga un comprador sexa varias veces o que se lle pagar ó produtor. Esta falta de produción agraria convive, extranamente, coa aparición de bolsas de pobreza alimentaria en moitas capas de poboación.

Compostela Aberta tentará fará unha rede de apoio ós labregos e gandeiros que permita recuperar as nosas terras para a produción alimentaria.

Liña estratéxica 1: Promoción da produción agraria rural.

Acción 1.1: Establecemento dun convenio coa USC para investigar en novos cultivos económica-mente máis rentables (productos novidosos para nichos de mercado en crecemento)

Acción 1.2: Rebaixas fiscais para as empresas que se establezan no rural.

Acción 1.3: Promoción do cooperativismo para a produción agraria.

Acción 1.4: Creación dun banco de terras do concello para recuperar os terreos de uso agrícola non aproveitados.

Acción 1.5: Avaliaremos a posibilidade de crear unha granxa-escola para que os rapaces de Compostela se acheguen ó mundo rural dende unha perspectiva educativa.

Liña estratéxica 2: Promoción das compras de produtos de proximidade.

Acción 2.1: Campañas de educación e concienciación nos consumidores para que compren productos locais.

Acción 2.2: Promoción das cooperativas de consumidores de produtos locais.

Acción 2.3: Creación e promoción dos mercados de proximidade, e das redes de comercio xusto.

RETO 3: REMATAR CO ILLAMENTO SOCIAL E ADMINISTRATIVO DO RURAL

As parroquias do rural son, actualmente, un mundo aparte da cidade, descoñecidas en gran medida pola poboación urbana. A poboación rural sinte a vida da cidade como allea e alonxada da súa propia vida, sentíndose alleos ó seu mesmo concello.

Compostela Aberta promocionará a integración do rural na vida do concello, facilitando a integración rural-urbana nas dúas direccións.

Liña estratéxica 1: Integración administrativa e social.

Acción 1.1: Creación de 3 distritos que agrupen as distintas parroquias e apertura de oficinas do concello en cada un desos distritos: Enfesta, zona de Bornais e zona de Villestro.

Acción 1.2: Recollida das inquiredanzas dos veciños así como fomento da participación e codecisión dos cidadáns de acordo coas liñas estratéxicas deste programa.

Acción 1.3: Asesoramento da poboación rural e intermediación fronte a empresas e administracións a través das oficinas do concello.

Acción 1.4: Posta en valor dos elementos arquitectónicos e naturais do rural e promoción entre a poboación urbana e os turistas: muiños, cruceiros, sendas verdes, carballeiras, etc...

Liña estratéxica 2: Mellora das comunicacións.

Acción 2.1: Integración do rural no plan de mobilidade do concello, de cara a mellorar o servizo de autobus urbano.

Acción 2.2: Avaliación da calidade de Internet no rural e posta en funcionamento dun proxecto de mellora onde sexa necesario.

Acción 2.3: Creación dunha brigada de vías e obras para o mantemento das instalacións e as carreteras do rural. Mentres non sexa posible contar con persoal propio, farase mediante unha contrata licitada para conxuntos de actuacións, para reducir o tempo de actuación.

Liña estratéxica 3: Mellora da calidade de vida no rural.

Acción 3.1: Integración do rural no plan de actuación social do concello para atender ás persoas en risco de exclusión social.

Acción 3.2: Posta en valor dos centros socioculturais, apoiando ás asociacións de veciños que os xestionan e actuando nos centros que actualmente non teñen uso. Establecemento de actividades especialmente orientadas á terceira idade, como talleres de memoria.

Acción 3.2: Integración do rural na política cultural do concello: teatro, actuacións musicais, etc.

UNHA PROPOSTA DE POLÍTICA TURÍSTICA

O turismo en Santiago, ademais de ser o principal motor económico do concello, tamén debe ser o motor de transformación dun crecemento planificado e controlado.

A globalización ten unha especial incidencia no sector turístico. Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación(TIC) son ferramentas que nos permiten transmitir unha imaxe de cidade e acceder aos mercados capaces de valorar a nosa oferta turística, polo que cómpre establecer políticas e accións en dúas direccións relacionadas:

1. Do local ao global: Crear unha oferta turística de calidade, baseada na autenticidade de Santiago como concello vivo, patrimonial, cultural e hospitalaria. A cultura e o medio ambiente serán os eixos transversais fundamentais para definir un desenvolvemento turístico auténtico e sostible a longo prazo.

2. Do global ao local: Definir distintos segmentos de mercado nacionais e internacionais susceptibles de valorar a autenticidade do destino e corresponder á hospitalidade integrándose no estilo de vida do concello e participando das distintas tradicións, manifestacións e intervencións culturais e de lecer que ofrece o concello e arredores.

A relación entre o turismo e o resto de áreas municipais, esixe dun plan coherente no que, a partir do modelo de concello, se deseñen políticas coordinadas para aproveitar as sinerxías entre as

estratexias e accións dos distintos departamentos do concello.

Da mesma forma, no caso do turismo como fonte de riqueza e emprego, propomos unha estreita colaboración coas áreas de emprego e promoción económica, que permita desenvolver un programa de inserción laboral acorde coas necesidades de recursos humanos no sector turístico, accións de intermediación laboral tendo en conta o perfil das persoas desempregadas no concello e un plan de formación para mellorar a calidade dos servizos turísticos.

O turismo é un sector especialmente sensible aos conflitos de intereses, polo que é imprescindible establecer canles de diálogo cos e coas axentes implicados e implicadas para buscar o equilibrio entre os beneficios e os prexuízos causados polo desenvolvemento turístico.

Co obxectivo de defender e fortalecer esta visión do turismo como ferramenta de desenvolvemento económico, social e diálogo colectivo, no exercicio da política como responsabilidade e dereito común, consideramos imprescindible que o eixo fundamental de calquera política turística desenvolvida polo concello responda ao consenso sobre un modelo de concello que nos permita artellar unha estratexia coherente e adaptada ás distintas sensibilidades da poboación local e ás tendencias do/s público/s obxectivo de interese para Santiago.

VALORES OU PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS NOS QUE SE BASEA ESTA PROPOSTA

1. Transparencia: A xestión do turismo debe ser transparente en todas as súas fases. Tanto os procesos de toma de decisión, como os investimentos dedicados ao turismo, deben ser accesibles á cidadanía de xeito pormenorizado, claro e aberto.

2. Participación: A xestión do turismo debe ser participativa e dotarse de estruturas de toma de decisión que teñan en conta tanto os veciños e as veciñas da cidade, como os e as axentes de turismo e profesionais que traballan nese ámbito e/ou contan cunha formación ou experiencia específica para asesorar na estratexia e toma de decisións.

3. Accesibilidade: O turismo é un dereito universal, un ben común do que todos e todas participamos. Distinguimos tres tipos de accesibilidade turística. Por unha banda, a accesibilidade social para a cidadanía e axentes turísticos, que permita coñecer e opinar sobre a estratexia turística e o deseño de políticas nesta materia. Por outra banda, a accesibilidade física e sensorial que facilite coñecer e interpretar os recursos turísticos do concello por parte de persoas con diversidade funcional. Finalmente, a aproximación da cidadanía aos recursos turísticos para transmitir a importancia do turismo, crear orgullo de concello e sensibilizar sobre o concepto de anfitrión e anfitriona.

4. Transversalidade: O turismo non debe entenderse como un obxectivo de seu, senón como o resultado dunha imaxe de concello a transmitir. A mobilidade, a preservación do patrimonio e os usos, a creatividade ou os produtos turísticos a desenvolver, deberán ser abordados dende unha perspectiva transversal e multidisciplinar.

5. Desestacionalización: Un dos obxectivos máis compartidos en turismo é o de desestacionalizar a demanda e, polo tanto, a oferta. As políticas encamiñadas a atraer turistas fora da temporada alta facilita crear unha oferta de calidade (Exemplo: o atractivo gastronómico de Santiago, como en Galicia, pode xogar un papel fundamental).

6. Descentralización: A estratexia turística deberá contemplar accións que permitan redireccionar os e as turistas desde o casco vello cara outros barrios e rural do concello, xestionando correctamente os fluxos. Do mesmo xeito, dado que Santiago lidera o destino Área Santiago, o enfoque turístico debería ser compartido polos concellos colindantes, non só para redireccionar turistas que chegan a Santiago, senón tamén para deseñar estratexias e produtos turísticos coordinados e de colaboración (exemplo, Turismo de pesca fluvial).

7. Diversidade: O oferta turística de Santiago é diversa e, polo tanto, deben centrarse esforzos en

organizar a configuración da oferta turística de calidade, adaptada aos distintos segmentos de mercado, gustos e preferencias.

RETOS TURÍSTICOS DA CANDIDATURA PARA A LEXISLATURA

O enfoque para o deseño de políticas turísticas a curto, medio e longo prazo, debe ter unha visión integradora e obxectiva, analizando polo miúdo os éxitos e os fracasos das políticas e programas turísticos anteriores.

Os resultados da mesa de traballo de turismo, onde se contará con axentes clave do concello (de turismo, cultura, urbanismo, asociacións, universidade, clero, etc.) e expertos e expertas en determinadas áreas (mercados turísticos e comercialización, vías de comunicación, accesibilidade, etc.), permitirá actualizar o Plan estratéxico de turismo de Santiago 2010-2015.

Reto 1: Desenvolver unha auditoría cidadá do plan estratéxico de turismo de santiago 2010-2015

Para decidir a imaxe e o posicionamento turístico que interesa para Santiago de Compostela no futuro, antes é necesario auditar os plans deseñados para o seu desenvolvemento, avaliando o grao de cumprimento e aproveitando o traballo previo (datos, reflexións, ideas, conclusións, etc.).

1. Liña estratéxica 1: Mecanismos de participación

Liña de acción 1: Creación do foro multisectorial de turismo

Acción 1: Identificar aos axentes clave para a participación no foro

Acción 2: Definir a estrutura do foro co obxectivo de que sirva de banco de ideas, suxestións e achegas de mellora para o sector turístico de Santiago

Liña de acción 2: Creación dun observatorio de turismo

Acción 3: Identificar os e as axentes clave para a participación no observatorio

Acción 4: Definir a estrutura do observatorio co obxectivo de que sirva de órgano de seguimento e control do grao de cumprimento das políticas e accións levadas a cabo en materia turística.

Liña de acción 3: Creación de mecanismos de participación cidadá

Acción 5: Establecer un sistema de información que ofrezca á cidadanía a posibilidade de coñecer as accións e investimentos en turismo de xeito pormenorizado, claro e aberto.

Acción 6: Establecer un sistema de adhesión da cidadanía para participar e/ou facer seguimento do foro multisectorial e o observatorio de turismo.

Liña estratéxica 2: Avaliación da oferta turística de Santiago

Liña de acción 1: Actualización da catalogación de recursos turísticos

Acción 7: Actualización da base de datos de recursos turísticos do concello, tanto públicos como privados.

Acción 8: Elaboración dunha diagnose sobre necesidades prioritizadas de intervención sobre os recursos (acondicionamento, mellora, sinalización, etc.).

Liña de acción 2: Avaliación de resultados dos programas e servizos turísticos ofrecidos polo

concello de Santiago.

Acción 9: Avaliación de resultados a partir dos datos da oficina de información turística do concello de Santiago.

Acción 10: Avaliación de resultados a partir dos datos de comercialización da central de reservas oficial de Santiago de Compostela e doutros servizos baixo concesión (tren turístico, etc.).

4. Acción 11: Análise e valoración de programas de éxito e fracaso organizados ou financiados dende o concello de Santiago nos últimos anos.

5. Acción 12: Análise e valoración de resultados de SCCB (Santiago de Compostela Convention Bureau) nos últimos anos.

6. Acción 13: Análise e valoración de resultados de SCFC (Santiago de Compostela Film Commission) nos últimos anos.

1. Liña de acción 3: Avaliación do modelo de xestión, promoción e comercialización turística.

2. Acción 14: Análise e propostas de mellora para Incolsa, co fin de resolver os problemas asociados á finalidade da entidade (principalmente promoción), aos límites das competencias e ao limitado orzamento.

3. Acción 15: Avaliación da Central de reservas oficial de Santiago, para garantir a calidade da comercialización de produtos e servizos turísticos.

Liña estratéxica 3: Avaliación da demanda turística de Santiago.

Liña de acción 1: Análise do perfil de turista.

Acción 16: Análise histórica e tendencias de futuro sobre o perfil de turista que visita Santiago.

Acción 17: Análise doutros mercados con potencialidade, tendo en conta o/s público/s obxectivo que interesan para Santiago.

Acción 18: Análise das comunicacións, especialmente da conectividade aérea, tendo en conta os mercados prioritarios nacionais e internacionais previamente definidos.

Reto 2: O turismo como factor de desenvolvemento cidadá

Queremos desenvolver o turismo do concello desde unha perspectiva de oportunidade para persoas emprendedoras e traballadoras, que mellore a calidade de vida da poboación local e permita a “convivencia entre anfitrións anfitrionas e visitantes”.

A nosa proposta inicial pasa por integrar os e as turistas como cidadáns e cidadás con características, preferencias e gustos específicos e singulares, aos que dar resposta cunha oferta diferenciada, de calidade e sostible.

O patrimonio material e inmaterial, o medio ambiente, a calidade da oferta e a hospitalidade, deberán ser as bases sobre as que educar e garantir o respecto mutuo entre a cidadanía e os/as turistas de forma bidireccional.

Liña estratéxica 1: Turismo e poboación local

Liña de acción 1: Transmitir á poboación local, unha percepción positiva sobre o turismo de Santiago.

Acción 19: Programar, en colaboración coas áreas de Cultura e Promoción económica, accións de

sensibilización da poboación local sobre os beneficios e as oportunidades do turismo para Santiago (roteiros interpretados, visitas teatralizadas, obradoiros de emprendemento turístico, etc.).

Acción 20: Implicar ás asociacións (urbanas e rurais), para recuperar e poñer en valor o patrimonio material e inmaterial de barrios e parroquias abrindo as portas á interacción de turistas.

Liña de acción 2: Redefinir o estatus para os “turistas de longa duración” (incremento da estancia dos turistas na cidade).

Acción 21: Elaborar unha carta coñecida pola cidadanía e dirixida os e as turistas, onde se recollan unha serie de recomendacións para unha integración satisfactoria do e da turista na cidade. Esta carta tamén contemplará os dereitos do e da turista, considerado como un cidadán e cidadá en circulación, que lle facilite o acceso a certos servizos públicos (bonos desconto en determinados servizos municipais e de transporte, acompañamento sanitario no seu idioma, incluída a lingua de signos, etc.)

Acción 22: Establecer convenios de colaboración con aquelas entidades intermedias que actúen de prescriptoras de “turistas de longa duración” (por exemplo, Erasmus, Cursos Internacionais da USC).

1. Liña estratéxica 2: Turismo e inserción laboral.

Liña de acción 1: Turismo como fonte de emprego: Colaborar con Promoción económica e Orientación laboral para coordinar as accións formativas en función das necesidades no sector turístico e os perfís das persoas desempregadas da cidade.

Liña de acción 2: Turismo como oportunidade de emprendemento: Colaborar con Promoción económica para coordinar as accións formativas en función dos ocos de mercado que existan no sector turístico e establecemento de alianzas empresariais e cooperativas.

Liña de acción 3: Turismo como oportunidade para a mellora empresarial: Colaborar coas asociacións de hostalaría, orientación laboral e promoción económica para deseñar e executar un plan formativo dirixido á profesionalización do sector con formación para empresarios, empresarias e traballadores e traballadoras.

Reto 3: Reorientar o modelo turístico

Os datos analizados en colaboración con representantes do sector, reflicten un descenso na estancia e no gasto medio dos e das turistas que chegaron a Santiago nos últimos anos.

O descenso dos ingresos no sector turístico e o incremento de prazas hoteleiras, requiren dunha intervención política capaz de reorientar o modelo turístico para o futuro.

As reflexións compartidas na mesa de traballo de turismo, coinciden na necesidade de artellar un cambio de rumbo nas políticas turísticas da concello. Este cambio de rumbo require, en primeiro lugar, dun novo enfoque na maneira de entender, vivir e convivir en Compostela. Estas son algunhas das reflexións e exemplos que permiten visibilizar o enfoque do noso modelo turístico:

1. Priorizar a calidade fronte á cantidade (exemplo: regulación de prazas hoteleiras no casco histórico).
2. Estimular e priorizar o apoio ás pequenas iniciativas turísticas, comerciais, culturais xurdidas da poboación local (festa da Primavera na Rúa de San Pedro) fronte aos grandes investimentos en artistas foráneos (Enrique Iglesias) e macroeventos (a visita do Papa).
3. Priorizar a perspectiva humana do turismo impulsando iniciativas de integración do e da turista en Compostela e facilitando a accesibilidade universal aos recursos (exemplo: eliminación de barreiras arquitectónicas, oferta de soportes audiovisuais).
4. Preservar e aproveitar o patrimonio autóctono e auténtico que ofrece a cultura e as tradicións lo-

cais en Santiago e arredores (Exemplo: recuperación da tradición dos Xenerais do Ulla), fronte aos decorados de feiras estandarizadas e de escaso ou nulo rigor na adaptación á realidade da cidade.

5. Dinamizar a cidade monumental evitando o impacto de arquitecturas efémeras desregularizadas (exemplo: pista de patinaxe na Praza da Quintana).

6. Consolidar a imaxe de Santiago como concello verde, a partir dos parques, xardíns e roteiros verdes de interese turístico e medioambiental.

7. Penalizar a especulación de prezos no casco histórico (taxas para inmobles baleiros) e incentivar o réxime de alugueiro de baixos comerciais.

O proceso participativo en turismo será fundamental para identificar novas prioridades para novos horizontes, sen perder de vista o crecemento turístico coherente coa nosa identidade, sostible e planificado.

1. Liña estratéxica 1: Identidade e posicionamento turístico

2. **Liña de acción 1:** Proceso de definición do posicionamento turístico.

3. **Acción 23:** Elaboración do borrador de ideas sobre a imaxe e o posicionamento turístico a transmitir sobre Santiago de Compostela, en colaboración co resto de mesas de traballo/áreas municipais.

4. **Acción 24:** Presentación do posicionamento turístico ante o foro multisectorial de turismo, para sometelo a reflexión e debate.

5. **Acción 25:** Iniciar o proceso de comunicación e participación cidadá para achegar críticas e mellores que permitan consensuar o modelo de cidade e o posicionamento turístico.

1. Liña estratéxica 2: Fortalecemento da cooperación

2. **Liña de acción 1:** Creación de sinerxías internas co tecido institucional, social, cultural, educativo, comercial da cidade.

3. **Acción 26:** Desenvolvemento dun programa específico para potenciar a colaboración coa Universidade de Santiago.

4. **Acción 27:** Desenvolvemento dun programa específico para potenciar a colaboración coa Igrexa.

5. **Acción 28:** Deseñar unha estratexia de coordinación cultural coa Xunta de Galicia.

6. **Acción 29:** Deseñar unha estratexia de coordinación co tecido asociativo e veciñal.

7. **Liña de acción 2:** Creación de sinerxías, complementariedades e coordinación cos concellos integrantes de Área Santiago

8. **Acción 30:** Desenvolvemento dunha estrutura estable de coordinación cos concellos limítrofes que conforman Area Santiago.

9. **Acción 31:** Desenvolvemento de accións e produtos turísticos que complementen a oferta turística de Santiago.

10. **Liña de acción 3:** Creación de sinerxías, colaboracións ou intercambios externos.

11. **Acción 32:** Establecemento de vínculos efectivos con outras cidades ou destinos a partir de elementos comúns de afinidade (Camiño de Santiago, Cidades patrimonio, Kumano Kodo, etc.).

#UN CONCELLO SUSTENTABLE.

Asistimos a un proceso de crise sistémico que abrangue non só aspectos económicos e sociais senón tamén ambientais.

O modelo económico baseado no consumo sen medida de recursos e a emisión continua de contaminantes non é viable. O noso planeta ten límites e debemos adaptármonos a eles.

O municipio é, despois do fogar, o ámbito máis próximo de acción para incidir en políticas que permitan reconducir o proceso de degradación ambiental de orixe humana.

Debemos cambiar de paradigma e potenciar o local, o próximo en todas as súas facianas: na enerxética, na mobilidade, na alimentación, na relación, nos residuos. Compre iniciar un proceso de aprendizaxe colectivo que facilite a transición cara un municipio con pouca contaminación e pouco contaminante, baseado nas enerxías renovábeis, na redución, na reutilización e a reciclaxe, rico en biodiversidade, humana e non-humana.

Un municipio, que aporte tanto como reciba e que lidere unha transición cara a sociedade pos-petróleo.

RETO 1. TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN

O primeiro chanzo no camiño da sustentabilidade municipal é coñecer e opinar. Sen a información precisa e os mecanismos de participación axeitados, faise imposible a asunción colectiva dos retos que a transformación do noso concello esixe.

Liña de Acción 1. Diagnose situación ambiental do Concello. Elaborar un estudo da situación ambiental do Concello en todos os seus parámetros: residuos sólidos urbanos, fontes enerxéticas e consumo, contaminación de aire e augas, estado ambiental de parques e xardíns, nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro, mapa do ruído, consumo alimentario....

Establecer un sistema homologado de parámetros e indicadores que permitan avaliar o progreso ou retroceso no proceso de transición municipal cara a sustentabilidade.

Liña de acción 2. Divulgación de datos actualizados dos parámetros ambientais do concello.

Establecer os medios precisos para manter un fluxo de información actualizada dos datos ambientais municipais e da evolución dos indicadores aplicando a filosofía do “OpenData” aproveitando os medios cos que xa conta o concello: paneis electrónicos publicitarios, web e redes, medios de comunicación tradicionais.

Liña de acción 3. Implicar á cidadanía no proceso de transición cara a sustentabilidade municipal

Creación da Oficina municipal para a sustentabilidade. A súa función é ofrecer asesoramento técnico a particulares e empresas sobre as medidas que poden adoptar para diminuír o impacto ambiental das súas actividades.

Constituír o Consello municipal para a sustentabilidade, co obxectivo de asesorar e avaliar ás políticas do concello en relación á sustentabilidade. Integrado por persoas de recoñecido prestixio neste eido, técnicos e técnicas e integrantes do goberno municipal e representantes da cidadanía

RETO 2. EDUCACIÓN AMBIENTAL.

Calquera proceso de muda, e máis un proceso de transición cara a sustentabilidade, precisa dunha forte compoñente educativa e de formación. Unha educación que teña como obxectivo dotar á cidadanía dos argumentos e ferramentas necesarias para desenvolver un cambio nas súas prácticas persoas e vincularse a un cambio social baseado na sustentabilidade, na equidade social e na asunción de novas formas de radicalidade democrática. A educación ambiental é imprescindible como garante da salvagarda do ben común e no proceso de construción dunha sociedade equitativa e sustentable.

Liña de acción 6. Integrar a educación ambiental como parte do proceso de co-decisión goberno municipal/cidadanía.

Liña de acción 7. Creación dunha estrutura administrativa municipal e profesional de educación ambiental.

Liña de acción 8 – Transversalizar a educación ambiental nas accións de goberno municipais tanto desde a perspectiva educativa como de idade, sector social/profesional e xénero

RETO 3. AUGA

A asemblea xeral das Nacións Unidas do 26 de xullo de 2010 declarou “o dereito a auga potable e ao saneamento como un dereito humano esencial para o pleno gozo da vida e de todos os dereitos humanos”

A Declaración da asemblea da auga tralo Foro social mundial de Belém insistía no mesmo ao recoller o seguinte: “ A auga en todas as súas formas é un ben común e o seu acceso é un dereito humano fundamental e inalienable de todos os seres vivos. A auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos e da humanidade e da natureza: non é unha mercadoría. Rexeitamos as formas antigas e nova de privatización da auga, inclusive a asociación pública-privada, a privatización do servizo do saneamento e o manexo con lóxicas privadas das empresas públicas [...] A xestión da auga debe ficar no espazo público e comunitario, coa participación, equidade, control social, sen fin de lucro e non debe xerar violencia aos territorios preservando o ciclo da auga. “

En aplicación destes principios integrados na nova cultura da auga o Concello de Compostela deberá:

Liña de acción 9. Recuperar a xestión pública do servizo, para optimizar os custos e reverter no ben común aqueles réditos que puideran obterse desa xestión.

Liña de acción 10. Implicar á cidadanía na xestión deste recurso mediante mecanismos de información, transparencia na xestión, recollida de propostas e incrementando a participación nos órganos de xestión.

Liña de acción 11. Reducir o consumo de auga no concello en xeral e particularmente o que se destina aos xardíns públicos e privados.

Liña de acción 12. Acadar o 100 % na depuración das augas residuais no prazo máis breve posible, apoiando a instalación de equipamentos de autodepuración e sistemas de depuración natural, particularmente no rural.

Liña de acción 13. Control estrito de vertidos nos ríos co obxectivo de recuperar a calidade das súas augas.

Liña de acción 14. Establecer unha fiscalidade progresiva sobre o consumo taxable que permita premiar a redución do consumo

RETO 4 RESÍDUOS

A xestión dos residuos sólidos urbanos é un dos grandes problemas dos municipios. O volume increméntase de xeito exponencial, arredor dun 3% cada ano e a taxa de reciclaxe en Galicia é das máis baixas do Estado.

O modelo SOGAMA ten demostrado o seu rotando fracaso cunha recollida selectiva ineficaz, coa incineración e o vertedoiro como destino para a meirande parte dos residuos, esquecendo que máis do 50% dos residuos son materia orgánica susceptible de tratamento mediante a compostaxe e cun modelo centralizado cun forte impacto ambiental.

O canon artificialmente barato imposto desde o inicio da instauración deste sistema afogou outras alternativas máis sustentables e económicas. A suba unilateral do pasado ano fai asomar a verdadeira faciana do modelo SOGAMA e a realidade dos seus custos.

Liña de acción 15. Facer transparente todo o proceso de xestión dos RSU (Residuos Sólidos Urbanos). A cidadanía debe coñecer que se fai cos residuos, en que se converten, os custos e beneficios e coñecer as consecuencias da produción e xestión de residuos.

Liña de acción 16. Iniciar o camiño cara a recuperación da xestión municipal da xestión de residuos na medida do posible, mediante fórmulas que potencien a economía social e a corresponsabilidade.

Liña de acción 17. Aplicar estratexias que melloren a separación domiciliaria, facilitando así a recolleita selectiva desde a orixe e permitindo o tratamento adecuado segundo o caso. Serán estratexias como a recolleita porta a porta do lixo diferenciado ou a incorporación do quinto contedor. O obxectivo é incrementar exponencialmente a separación de elementos reciclables e da materia orgánica da fracción non biodegradable e non reciclable. Este resultado permitiría obter compost de calidade comercial, así como optimizar o axeitado tratamento da fracción envases e inertes.

Liña de acción 17. Aplicación do principio de quen contamina paga. Aplicar medidas que estimulen e compensen á cidadanía que desenvolve prácticas que reducen o volume de lixo como a compostaxe caseira ou das zonas nas que eventualmente se efectúe a recollida “Porta a Porta”.

Liña de acción 18. Realizar campañas de educación ambiental que conciencien e axuden a asumir a responsabilidade persoal e colectiva para co medio ambiente.

Liña de acción 19. Establecer políticas de prevención e redución de residuos, promovendo iniciativas como o Sistema de Depósito, Devolución e Retorno (SDDR), a eliminación de bolsas de plástico dun só uso ou o sobre -empaqetado de produtos.

Liña de acción 20. Apoiar a compostaxe caseira .

Liña de acción 21. Aumentar a eficiencia dos Puntos limpos incorporando recollida específica de residuos perigosos, hoxe en día non recollidos, como poden ser as uralitas.

Liña de acción 22. Crear Puntos de reutilización onde a cidadanía poida ceder mobles, electrodomésticos e outros equipamentos en bo estado para o seu uso por outra persoa.

Liña de acción 23. Explorar as posibilidades de incorporarnos a compostaxe en plantas xa en funcionamento ou promover unha planta comarcal coa finalidade de abandonar o modelo SOGAMA.

Liña de acción 24. Control estrito do proceso de tratamento e xestión dos residuos para evitar a participación do tráfico ilícito e inmoral de residuos.

RETO 6. ENERXÍA E CAMBIO CLIMÁTICO

A produción, transformación e uso final da enerxía son os principais responsables do cambio climático. O crecemento do consumo enerxético no sectores residencial, comercial e institucional está a ser moi importante, rexistrándose un uso da enerxía pouco eficiente. Esta realidade, alén dos custos económicos, ten un forte impacto na calidade do ambiente e, por tanto, na calidade de vida da cidadanía.

Liña de acción 25. Establecer un sistema de indicadores que reflictan a realidade do consumo enerxético e o seu impacto ambiental.

Liña de acción 26. Mellorar o rendemento de sistemas e equipos racionalizando e diminuindo o consumo enerxético municipal.

Liña de acción 27. Realizar unha auditoría do consumo eléctrico do alumeadado público e adoptar medidas de redución, adecuando o número de puntos de luz ás necesidades reais, substitución por lámpadas de baixo consumo, diminución do horario de iluminación, etc. En particular, racionalizar o alumeadado de monumentos, edificios singulares e escaparates e reducir a iluminación de rúa durante as festas.

Liña de acción 28. Adquisición de equipamentos da máxima eficacia enerxética na medida que se vaian renovando os actuais.

Liña de acción 29. Substitución progresiva de sistemas de calefacción e refrixeración obsoletos por equipamentos de máximo aproveitamento enerxético.

Liña de acción 30. Aplicar criterios bioclimáticos nos edificios e equipamentos municipais. Incluír criterios bioconstrutivos en calquera novo proxecto de equipamento municipal ou urbanización de rúas seguindo tres criterios:

1. Integración no proxecto en cuestión das variables do entorno climático.
2. Adecuación da forma, distribución e orientación do equipamento.
3. Aplicación de medidas óptimas de illamento térmico.

Liña de acción 31. Aplicar e promover o uso de fontes enerxéticas renovables.

Potenciar o emprego de enerxías renovables en todos os ámbitos de actuación do Concello.

Apostar pola produción enerxética distribuída e o autoconsumo mediante proxectos que aproveiten as potencialidades da solar-térmica, fotovoltaica e eólica no noso concello.

Apoiar a constitución de cooperativas de produción enerxética ou as existentes actualmente e facer prioritaria a contratación enerxética a este tipo de empresas de economía social.

Liña de acción 31. Loita contra o cambio climático.

Integrar a mitigación do cambio climático no conxunto das políticas municipais como factor a avaliar en todas as decisión e proxectos.

Ingresar na Rede Española de Cidades polo Clima (<http://www.redciudadesclima.es/>)

RETO 7. AIRE.

A calidade do aire é un aspecto fundamental da calidade de vida dun municipio. A súa relación directa coa saúde das persoas e da calidade do ambiente colócao no curne da sustentabilidade

da política municipal. A presenza na atmosfera de contaminantes atmosféricos, como partículas, dióxido de nitróxeno (NO_2), dióxido de xofre (SO_2) ou ozono troposférico (O_3) en Compostela é consecuencia fundamentalmente do tráfico motorizado e dos sistemas de calefacción. O Concello debe ser corresponsable co conxunto da cidadanía da calidade do aire da cidade desenvolvendo medidas para paliar o problema e motivando ás persoas habitantes a aplicalas nas súas vidas cotiás.

Liña de acción 32. Establecer estacións de control suficientes e en lugares sinalados polo seu potencial problemática con datos de acceso público en tempo real que permitan manter informada á cidade e prever picos problemáticos de contaminación.

Liña de acción 33. Asumir os parámetros da Organización mundial da saúde como referentes para avaliar a calidade do aire en Compostela.

Liña de acción 34. Establecer protocolos de actuación e medidas en función dos distintos escenarios de contaminación, dando conta a cidadanía da súa existencia

Liña de acción 35. Controlar as emisións de transportes, calefaccións e industrias

Liña de acción 36. Actuacións decididas para reducir o tráfico motorizado na cidade

RETO 8. BIODIVERSIDADE.

A biodiversidade proporciona beneficios fundamentais para ser humano alén de proporcionar materias primas. A perda de biodiversidade ten efectos negativos sobre o noso benestar, afectando aspectos da importancia da seguridade alimentaria, a vulnerabilidade ante desastres naturais, a seguridade enerxética ou o acceso ao auga limpa. Mais tamén afecta á faciana emocional da nosa vida, á vinculación á paisaxe, ao ocio e benestar social. A preservación e recuperación da biodiversidade é un obxectivo ineludible para calquera acción municipal.

Liña estratéxica 1. Coñecemento, valorización e mellora da biodiversidade no entorno urbano.

Liña de acción 37. Realizar un inventario de espazos naturais de interese local así como dos seus hábitats, flora e fauna e establecer medidas de recuperación e conservación e preservalos, potenciando a súa incorporación en figuras de protección tanto locais coma supramunicipais.

Liña de acción 38. Establecemento de acordos de custodia cos propietarios dos terreos.

Liña de acción 39. Apoio ao desenvolvemento das medidas recollidas nos planos de recuperación e conservación das especies incluídas no catálogo autonómico, no ámbito municipal. No caso de especies catalogadas, para os que non se desenvolveron estes planes de xestión. Avaliación do seu estado e desenvolvemento de medidas urxentes para a súa conservación.

Liña de acción 40. Aplicar criterios ecolóxicos na xestión, coidado e renovación dos parques e xardíns do concello

Deseño dun programa para o uso preferente de especies autóctonas nos parques e rúas. Prohibición expresa de uso de especies invasoras.

Naturalización dos parques periféricos da cidade. Programa de xestión conducente a diversificación de hábitats.

Liña de acción 41. Controlar as especies bioinvasoras, mediante a eliminación de especies agresivas nos xardíns, o control de plantacións ornamentais e forestais, o control de comercialización de especies foráneas e a recollida e canalización das especies introducidas.

Liña de acción 42. Deseño dun anel verde, que permita a conectividade entre espazos, sen intervención en hábitats naturais.

Liña Estratéxica 2 – Apoiar iniciativas que incidan na conservación da biodiversidade

Liña de acción 43. Apoiar proxectos produtivos que supoñan un uso tradicional que contribúa ao mantemento da biodiversidade, incentivar as actividades agrogandeiras ecolóxicas, mantemento e recuperación da paisaxe de mosaico.

Liña de acción 44. Promover programas de formación e acompañamento no desenvolvemento dunha agrogandeiría sustentable e apoio as empresas “verdes”

Liña de acción 45. Apoiar e promover proxectos de lecer que axuden a valorar e conservar a biodiversidade os mesmos (como rotas, actividades deportivas, voluntariado ambiental...).

Liña estratéxica 3. Programa de educación ambiental e participación

Liña de acción 46. Desenvolvemento dun programa de sensibilización ambiental para os distintos eixos de actuación, baseado na participación e con especial atención a implicación dos centros educativos.

Liña de acción 47. Fomento da participación en programas existentes. Ex: Proxecto Ríos, Charcas con vida.

Reto 9. SOBERANÍA ALIMENTAR

Tal como recolle a Declaración de Nyéléni resultante da celebración do Foro de soberanía alimentaria en Mali no 2007, a soberanía alimentaria é o dereito dos pobos a alimentos nutritivos e culturalmente axeitados, accesibles, producidos de forma sustentable e ecolóxica, e o seu dereito a decidir o seu propio sistema alimentario e produtivo. A soberanía alimentaria dálle prioridade ás economías locais e aos mercados locais e coloca a produción alimentaria, a distribución e o consumo na base da sustentabilidade medioambiental, social e económica.

A soberanía alimentaria tamén está profundamente imbricada nun comercio transparente, que garante ingresos dignos para as persoas adicadas á produción de alimentos e ten en conta os dereitos das persoas consumidoras para controlar a súa propia alimentación e nutrición.

Liña de acción 48. Declarar o “Concello Libre de Transxénicos” facendo as xestións oportunas para evitar o cultivo e consumo no seu territorio.

Liña de acción 49. Promover a produción e consumo de produtos locais mediante proxectos cooperativos e hortas urbanas e periurbanas, promovendo e incentivando aquelas actividades locais produtivas do sector primario que teñan un carácter sustentable para garantir a calidade de vida e a consolidación social no rural.

Liña de acción 50. Aplicar políticas de “quilómetro 0” nos comedores de responsabilidade municipal que asuman a produción local como a principal fonte de subministro.

Liña de acción 51. Promover e apoiar iniciativas de distribución e comercialización do produto local

Reto 10. COMPRA PÚBLICA RESPONSABLE.

A Compra pública responsábel nas administracións municipal define a aplicación dun conxunto de parámetros sociais, ambientais e éticos na execución dos orzamentos públicos para a adquisición e consumo de bens e servizos por parte do Concello.

A Compra pública responsábel susténtase na Compra pública ética, na compra e no consumo

público sustentábel e na compra pública social.

En conxunto, a aplicación da compra pública responsábel introduce criterios éticos relativos ao cumprimento de convencións internacionais e estándares sobre condicións laborais, como no caso dos produtos de comercio xusto; desenvolve modelos de consumo máis respectuosos co medio ambiente, minimizando o impacto ambiental do consumo municipal e contribuíndo a mellorar a calidade de vida a través do predominio de criterios ambientais; incide na calidade do emprego, na perspectiva de xénero e na contratación de persoas con discapacidade ou na inserción nos bens e servizos contratados polas administracións; introduce o apoio ás empresas de economía social, entendidas como aquelas empresas que contan con procesos de xestión democráticos e participativos, que priman as persoas e o traballo sobre o capital na repartición das rendas e teñen como finalidade o servizo aos seus membros e á colectividade antes que o lucro.

Liña estratéxica 1. Estabelecer políticas de compra pública ética, con obxectivos cuantitativos e prazos para a súa implantación, que fomenten os produtos e servizos ecoloxicamente sustentables e socialmente xustos, para facer da administración local un exemplo a seguir e un factor de promoción da produción de bens e servizos verdes (comercio xusto, ecolóxico, local, etc).

Liña de acción 52. Mercar e contratar só os bens e os servizos que sexan realmente necesarios: . Cómpre revisar as prácticas de contratación para que respondan totalmente ás necesidades reais. Igualmente, estableceranse mecanismos que permitan ceder produtos entre departamentos para fomentar a reutilización e, polo tanto, a optimización do uso dos recursos, apostando polo valor de uso de cada produto.

Liña de acción 53. Aplicar criterios ambientais, sociais e éticos na adquisición de produtos e servizos

Liña de acción 54. Impulsar a formación dos responsables de contratación, intervención e asesoramento xurídico na aplicación de criterios de compra pública responsable.

BENESTAR ANIMAL.

Sabemos que o benestar animal debe ser un dos obxectivos fundamentais do novo modelo social ao que aspiramos. Os aspectos relacionados co benestar animal están cobrando cada vez maior relevancia tanto no debate político coma no debate social. Somos conscientes de que queda moito por facer: Aprobación de leis que protexan aos animais, derogación de leis inxustas contra eles, maiores penas contra os maltratadores e maltratadoras, etc. A crise tamén provocou que os organismos públicos encargados da súa xestión e coidado, así como as asociacións de voluntarios e voluntarias, estean a percibir menores ingresos mentres o número de animais abandonados non deixa de medrar.

Somos conscientes do rexeitamento que na sociedade produce o maltrato e o sufrimento animal polo que desde Compostela Aberta queremos propor medidas que melloren a situacións dos animais no concello, apostando polo animalismo coma unha nova forma de facer activismo, contando coa colaboración da cidadanía e das asociacións de defensa dos dereitos animais da cidade.

Organizamos a proposta en dous grandes retos:

RETO 1: PROTECCIÓN LEGAL DOS DEREITOS DOS ANIMAIS.

As actuais ordeanzas municipais son incompletas, inxustas, e non contribúen á protección dos animais polo que queremos reformular estas leis que deberán primar a protección e o benestar animal.

Liña estratéxica 1: Reforma das normativas municipais relativas á protección animal.

Acción 1: Derrogación do punto K do artigo 66 da Ordeanza de convivencia, residuos e licencia viaria, que prohibe alimentar aos animais que viven na rúa.

Acción 2: Dotar á policía municipal de lectores de microchip. Formación nas leis de protección animal actualmente en vigor. Formación sobre como afrontar a recollida dun can (incluíndo os potencialmente perigosos)

Acción 3: Declarar Santiago de Compostela como concello libre de touradas.

Acción 4: Prohibir os espectáculos públicos que impliquen maltrato, explotación ou sufrimento animal, tales como carreiras de tiro, uso de ponies en feiras, ou espectáculos cirquenses que impliquen animais.

Acción 5: Facer cumprir as leis actualmente en vigor relativas a núcleos zoolóxicos.

Acción 6: Vixiar, dentro do marco das competencias municipais, a venda de cachorros conforme as leis vixentes, garantindo a súa orixe así como as súas condicións sanitarias, tanto por parte de comercios como na compra-venda entre particulares, coa fin de evitar o tráfico de cachorros importados ilegalmente así como os negocios fiscalmente opacos.

Acción 7: Garantir que os cazadores e as cazadoras rexistrados e rexistradas dentro do concello teñan todos os seus animais rexistrados, coas vacinas en regra, e chipeados.

Liña estratéxica 2: Reformulación na xestión do Refuxio de Bando.

Acción 1: Auditoría das contas e dos servizos que actualmente presta o Refuxio. Renegociación dos convenios cos distintos concellos da mancomunidade.

Acción 2: Garantir unha total transparencia e potenciar a auditoría cidadá nas contas e na xestión do refuxio. Dar cabida ás asociacións animalistas na codecisión sobre a xestión do refuxio.

Acción 3: Reformular completamente a política sanitaria do refuxio, garantindo que todo animal adoptado estará en perfectas condicións alimentarias, sanitarias, e esterilizado.

Acción 4: Cambio nas políticas de fomento das adopcións por parte do refuxio, cunha promoción moito maior e campañas de concienciación social. Colaboración coas asociacións animalistas para facer un seguimento das adopcións. Garantir atención veterinaria aos animais adoptados dun ano, dende o propio refuxio.

Acción 5: Fomento das casas de acollida como parte da política do refuxio.

Acción 6: Converter o refuxio nun auténtico centro de actividades relacionadas cos animais, levando ditas actividades á sociedade: centros socioculturais, escolas, centros de maiores, etc... fomentando a concienciación veciñal en temas de coidado dos animais así como o uso de animais en actividades terapéuticas.

Liña estratéxica 3: Xestión das colonias felinas.

Acción 1: Establecemento dun convenio de colaboración con asociacións animalistas e persoas voluntarias para a xestión hixiénica e sanitaria das colonias.

Acción 2: Establecemento dun convenio con clínicas veterinarias e/ou a USC para a esterilización das colonias.

Acción 3: Investigación e denuncia por parte do concello das persoas que causen dano aos gatos da rúa ou provoquen problemas na xestión das colonias.

Acción 4: Fomento da acollida e adopción dos gatos da rúa con problemas sanitarios ou risco de dano, de acordo coas asociacións e veciños e veciñas que leven a xestión desa colonia.

RETO 2: INTEGRACIÓN DOS ANIMAIS NA VIDA DO CONCELLO.

A evolución social permite, é ao tempo esixe, unha reformulación dos xeitos e os espazos públicos na relación entre o concello e os animais. Compostela Aberta promoverá un novo xeito de integrar aos animais na sociedade, comezando con campañas de concienciación para posteriormente afrontar a integración dos animais na vida e nos espazos públicos dun xeito semellante ao que sucede nos países máis avanzados nas que os animais entran con naturalidade en espazos actualmente vetados como cafeterías, restaurantes, ou transporte público. Sempre axudándonos de, e axudando as asociacións e voluntarios e voluntarias que actualmente traballan nese eido.

Liña estratéxica 1: Fomento do respecto á vida animal.

Acción 1: Establecemento dun convenio con asociacións que traballen con animais para que realicen campañas e actividades en colexios, centros socioculturais, etc...

Acción 2: Promoción de deportes e actividades respectuosas cos animais, tales como competicións de agilty, exhibicións, e actividades terapéuticas.

Acción 3: Promoción de cursos de educación animal accesibles e asequibles para todos os propietarios que así o desexen.

Acción 4: Aumento dos espazos destinados ao lecer dos animais nas redes de parques do concello.

Acción 5: Realizacións de campañas en colexios e centros socioculturais para concienciar da necesidade de recollida dos excrementos por parte dos propietarios e propietarias.

Acción 6: Establecer puntos de observación da vida silvestre nas parroquias do rural e realizar actividades de observación con colexios e centros socioculturais, con voluntarios especializados.

Liña estratéxica 2: Creación dun programa pioneiro de “Good Neighbors” (bos veciños)

Acción 1: Creación dun programa de avaliación de obediencia para cans e donos e donas de cara á obtención dun carnet de Bo Veciño. Creación dunha identificación claramente visible para os animais que superen dita avaliación. Sempre de acordo aos estándares internacionais.

Acción 2: Creación dun rexistro público de animais avaliados como Bo Veciño, facilmente accesible pola policía local e pola cidadanía.

Acción 3: Creación dun rexistro de espazos públicos ou establecementos abertos ó público que permitan o acceso a cans que sexan Bos Veciños.

Acción 4: Creación dun programa progresivo de acceso aos cans Bos Veciños ó transporte público.

Acción 5: Promoción dos establecementos de hostalaría que se unan ao programa de Bos Veciños como destinos turísticos para donos e donas de cans, tanto a nivel nacional como a nivel internacional.

#UN CONCELLO PARA O BEN COMÚN

ECONOMÍA E FACENDA

As persoas deben servirse da economía, e non a economía das persoas.

Compostela, coma todas as cidades, sufriu durante a última década transformacións causadas polo tipo de crecemento do sistema económico capitalista e a burbulla inmobiliaria e financeira. Do mesmo xeito que teñen aumentado as desigualdades sociais, en paralelo alargáronse as diferenzas entre os barrios da cidade.

Ao mesmo tempo a facenda municipal foi comprometida por unha dobre política.

Dun lado, os sucesivos gobernantes liberaron ás rendas altas e aos multipropietarios de tributar conforme á súa elevada capacidade económica e optaron por desenvolver figuras fiscais indirectas que gravaban por igual a todo o mundo, independentemente da súa renda.

Doutro lado, o gasto público non se centrou naquelas áreas e departamentos que axudarían efectivamente a reducir as desigualdades xeradas polo sistema económico actual, senón que alimentaron gastos ostentosos e innecesarios, en moitos casos dirixidos ás capas acomodadas da poboación, cando non directamente a engordar as contas de resultados de grandes empresas e consultoras, e, con elas, os petos dos amigos.

OBXECTIVO 1: REDUCIR AS DESIGUALDADES

Loitar contra as desigualdades sociais, económicas e territoriais desde un novo modelo de cidade que poña por diante as persoas, as familias, os colectivos e os barrios máis agredidos non só pola recesión económica senón polo sistema capitalista de crecemento baseado na especulación. Consecuentemente, o Concello debe redirixir os abondosos recursos ociosos que existen na cidade para destinalos a unha nova política municipal, que impregne todos os ámbitos sectoriais de actuación e que se traduza no beneficio da inmensa maioría da poboación, con atención especial ás novas xeracións. A administración local é o primeiro lugar onde se debe pechar o contrato social entre as persoas podentes e as necesitadas.

É aí onde o Concello debe liderar esa tarefa de xustiza social, garantindo os dereitos básicos da cidadanía: vivenda e traballo.

Liña estratéxica 1: Facenda municipal progresiva, equitativa e suficiente

Non é posible unha política municipal distinta e transformadora sen un cambio radical na estrutura tanto dos ingresos como dos gastos. Implantaremos unha política fiscal que cree as condicións para unha redistribución efectiva da riqueza, atendendo aos principios de equidade, suficiencia e progresividade, e que forneza o Concello dos recursos necesarios para atender as súas competencias e as necesidades sociais máis urxentes.

Liña de acción 1. Progresividade.

Mellorarase a progresividade fiscal mediante a elevación do peso das figuras tributarias directas na recadación municipal e a redución das indirectas.

O Concello actuará sobre aquela riqueza que non pode evadirse, os bens inmobles, principais culpables da burbulla especulativa na que aínda se atopa inserida a cidade, actuando en particular sobre os pisos baleiros e as segundas e sucesivas vivendas, mediante os coeficientes territoriais no IBI e noutras figuras.

Liña de acción 2. Equidade.

Consideración da situación económica (renda e patrimonio) e social (persoal e familiar) nas figuras fiscais, establecendo bonificacións ou desgravacións por tal condición.

Liña de acción 3. Suficiencia.

A suficiencia da recadación municipal non virá determinada polo que as capas máis ricas da poboación estean dispostas a tributar, senón polas necesidades básicas que deben ser atendidas.

Loitar contra a fraude fiscal e a economía mergullada, aumentando o control sobre os ámbitos de xestión tributaria municipal e implantando unha verdadeira policía urbanística.

Liña estratéxica 2. Contratación socialmente responsable

Liña de acción 1. Impulso da banca ética.

Utilización da banca ética e das cooperativas de aforro por parte dos servizos económicos do Concello.

Renegociación dos acordos e convenios establecidos coas entidades financeiras por razón da súa obra social na cidade.

Liña de acción 2. Cláusulas con contido social.

Introducir nos pregos de condicións das contratacións de obras e servizos municipais criterios de valoración que primen ás empresas que acrediten emprego estable e unhas condicións laborais e salariais non discriminatorias.

De xeito acordado cos axentes sociais, reserva dunha porcentaxe dos contratos municipais para entidades de economía social.

Reserva dun porcentaxe das prazas de emprego público para persoas con diversidade funcional.

Fomentar nos pregos de contratación que determinados servizos se presten cun sentido social, como por exemplo valorando o uso de produtos agroalimentarios sustentables en cafeterías e comedores dependentes da administración local.

OBXECTIVO 2. FRONTE ÁS PRIVATIZACIÓNS, XESTIÓN PÚBLICA E CIDADÁ.

A xestión pública directa dos servizos básicos prestados pola administración local é máis barata que a xestión mediante unha empresa concesionaria, tal e como evidencian numerosos estudos académicos, ou do Consello e do Tribunal de Contas.

A vaga privatizadora dos gobernos bipartidistas ten acadado cotas sanguentas que se traducen nun maior custo para a administración, maior beneficio para os propietarios e para as propietarias e para os e as accionistas das empresas concesionarias, maior precariedade no emprego, peor calidade no servizo e redución continua do número de persoas beneficiarias.

Tralos escándalos de corrupción coñecidos é fundamental que tanto a cidadanía coma o novo Goberno municipal teñan unha imaxe fiel da situación do Concello. A transparencia nas contas é unha condición necesaria para a eficiencia na xestión dos recursos públicos. Para decidirmos de xeito correcto gobernantes e cidadanía teñen que posuír información fidedigna sobre a cidade e o Concello.

Liña estratéxica 1. Xestión pública directa dos servizos municipais.

Liña de acción 1. Rematar coas privatizacións.

Remunicipalización do servizo de auga.

Facer un calendario e comunicarlle á cidadanía un plano de retorno progresivo á xestión pública e directa daqueles servizos municipais privatizados ou entregados á xestión privada.

Liña estratéxica 2. Transparencia e participación cidadá.

Liña de acción 1. Transparencia.

A xestión municipal debe ser transparente en todas as súas fases. Tanto os procesos de toma de decisións como os gastos e os investimentos deben ser accesibles á cidadanía de xeito pormenorizado, claro e aberto.

Auditoría económica-financeira do Concello. Debemos coñecer a orixe da débeda pública municipal e os axentes económicos directamente beneficiados pola mesma, así como avaliar en que medida dita débeda se debe á prestación de servizos por parte do Concello que non son competencia municipal e cuxo financiamento é debido á insuficiencia e atraso dos fondos procedentes doutras administracións.

Posta en marcha do Observatorio Económico e Fiscal municipal.

Elaboración dun plan económico e financeiro a medio prazo que garanta que todas as decisións económicas e financeiras municipais se adaptan a un horizonte de sustentabilidade.

Liña de acción 2. Participación cidadá.

A xestión debe ser participativa e dotarse de estruturas de toma de decisión que teñan en conta tanto os veciños e as veciñas da cidade como o tecido asociativo, e tamén as profesionais que traballan en cada ámbito e/ou contan cunha formación ou experiencia específica para asesorar na estratexia e na toma de decisións.

Orzamentos participativos que dean acollida á participación cidadá e asociativa nas decisións municipais tanto de gastos como de ingresos.

OBXECTIVO 3. UNHA ECONOMÍA REVITALIZADA E SUSTENTABLE

Compostela precisa, para retomar o esplendor de hai 20 anos, ter a referencia dun modelo que tire proveito das fortalezas da cidade (capitalidade, universidade, proxección internacional, cultura e patrimonio, sustentabilidade medioambiental), así como as da súa área de influencia.

Superaremos o modelo económico baseado na recepción estacional de turismo masificado, que concentra a xeración da riqueza só nunha parte da cidade e xera emprego precario. Apostamos por reforzar a idea de Compostela como un centro de atracción de turismo cultural (no seu sentido máis amplo) e urbano e de congresos con carácter desestacionalizado. Compostela debe ser a estación base desde onde coñecer Galicia, do mesmo xeito que o Camiño de Santiago é a mellor forma de achegarse e adentrarse na realidade galega.

Cambiaremos a visión dunha economía baseada en polígonos industriais noutra máis sostible e integradora, descentralizada e revitalizadora dos barrios e das distintas partes da cidade, onde os novos emprendedores e as empresas de servizos en xeral vivan e convivan no tecido urbano, dinamizando por igual todo o territorio. Impulsaremos os novos nichos de emprego, en especial nos sectores innovadores, que son os que teñen maior capacidade de dinamizar a cidade e aumentar o seu atractivo residencial, hostaleiro e comercial.

Debemos tomar consciencia, sen alarmismos e con responsabilidade, do esgotamento progresivo

do modelo de crecemento económico capitalista actual, baseado no consumo de enerxías fósiles, na financiarización da economía e na especulación inmobiliaria. É necesario apostar polo aforro e a eficiencia enerxética, a mobilidade sostible, a economía circular (cos 3R impregnando todas as políticas), os ciclos curtos de consumo e a independencia/soberanía agroalimentaria, sustentada na produción local e ecolóxica. Potenciaremos a economía real, a dos sectores produtivos primarios e manufactureiros, a dos servizos ás persoas, a da innovación.

Liña estratéxica 1. Un modelo novo de cidade

A promoción económica da cidade non debe entenderse como un obxectivo en si mesmo, senón como o resultado dun modelo de cidade a construír e dunha imaxe de cidade a transmitir, tratados dende unha perspectiva transversal e multidisciplinar.

Fronte a un modelo de competitividade extrema, que busca a ancoraxe artificial das cidades aos principais nodos da economía global e informacional mediante a dilapidación de recursos en políticas de grandes infraestruturas, eventos de dimensión global pero esóxenos á súa cultura e ao seu territorio, defendemos un modelo de desenvolvemento local endóxico, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce.

O papel do Concello será outro moi distinto ao desempeñado até agora. Non se trata de desenvolver visións unipersoais de elite, acertadas ou non, senón de traballar da man dos axentes do territorio dende unha posición de igualdade, de continuidade e de diálogo.

O enfoque para o deseño de políticas en materia de promoción económica e emprego a curto, medio e longo prazo, debe ter unha visión integradora e obxectiva, analizando polo miúdo os éxitos e os fracasos das políticas e dos programas anteriores.

É necesario auditar os plans deseñados, avaliando o grao de cumprimento e aproveitando o traballo previo (datos, reflexións, ideas, conclusións). Aínda que existiron varios intentos de planificación estratéxica do desenvolvemento local no Concello, a día de hoxe ningún deles foi continuado. Do encargado polo goberno actual non se soubo nada até o momento, e da Axenda XXI elaborada non se volveu ter noticia.

A falta dunha planificación estratéxica é un problema grave, non só polo orfandade de visión de futuro compartida sobre o territorio, senón porque suporá na práctica a perda da posibilidade de solicitar determinados fondos da Unión Europea condicionados á existencia e aplicación destes plans.

Liña de acción 1. Dinamización económica dos barrios e o rural.

Limitar a creación de solo industrial ligándoa á demanda real, impedindo a especulación construtiva e sobre o solo. Xestionar coas demais administracións unha maior redución do prezo do solo industrial nos polígonos do IGVS.

Subvencións e/ou desgravacións para o establecemento de autónomos e novas empresas de servizos nas zonas periféricas da cidade.

Recuperación daquelas actividades primarias e manufactureiras que hoxe corren perigo de desaparición.

Artellar un servizo municipal de acompañamento e adestramento en economía colaborativa que puidera dar lugar á cración de iniciativas empresariais e comerciais nos barrios.

Impulso dos mercados de proximidade, de mercados de produtores fronte aos de intermediarios e apoio ás canles curtas de comercialización, promovendo as iniciativas que neste sentido se xeren nas zonas rurais de Compostela.

Apoio ao comercio de barrio, retomando a cultura do comercio de primeira necesidade como vía de emprendemento e colaboración entre a veciñanza.

Limitación da construción de grandes superficies comerciais novas.

Fomento do asentamento de empresas de servizos, da creación de cooperativas e da difusión de produtos turísticos na zona rural.

Liña de acción 2. Sectores innovadores.

Colaborar de forma estreita coa USC, un dos principais elementos definidores da cidade e motor de coñecemento, na definición e na aplicación das políticas de emprego e desenvolvemento local. A universidade ten unha importancia estratéxica como fonte de oportunidades de creación de empresas e mellora do tecido industrial existente, como axente de desenvolvemento.

Liñas específicas de apoio ao I+D+i e ás *spin-off* universitarias, fomentando a retroalimentación entre o tecido empresarial e os centros e grupos de investigación da USC.

Apoio ao turismo idiomático. Desenvolvemento de cursos de lingua galega e española para estranxeiros para desestacionalizar a actividade turística.

Apoio á creación de axencias de servizos receptivos. Fomentar o nacemento de empresas de servizos aos turistas: tours, visitas guiadas, creación de paquetes, etcétera.

Apoio á creación de industrias culturais. Compostela tamén é capital na cultura, e conta cunha longa tradición, infraestruturas abundas e recursos humanos cualificados. A relevancia da cultura na xeración e na fixación de emprego é fundamental no novo rexurdir da cidade, definíndoa como a primeira urbe de Galicia para o lecer, mellorando a nosa calidade de vida e aumentando o seu atractivo.

Apoio á implantación de industrias creativas. Compostela ten un gran número de microempresarios/as no eido do deseño, do téxtil e da artesanía. Facilitaremos recursos públicos para a transición desde o obradoiro doméstico á empresa.

Impulso á biotecnoloxía e ás ciencias da saúde. A universidade é eficaz na creación de *spin-offs* mais é preciso incrementar a súa relevancia axudando desde o Concello a constituír un sistema empresarial arredor destes núcleos de especialización, abranguendo a medicina, a acuicultura, os nanomateriais, etcétera.

Impulso ás empresas tecnolóxicas, e nomeadamente ás relacionadas coas TIC que baseen a súa actividade na filosofía do código aberto e/ou do *software* libre.

Apoio ao sector dos servizos avanzados ás empresas e á administración, tirando proveito da posición xeográfica de Santiago no centro do principal eixe económico urbano galego e a presenza do goberno galego na cidade.

Liña de acción 3. Economía social e colaborativa.

Acompañamento da economía social, do terceiro sector. Apoio á creación de cooperativas e empresas de economía social, de cooperativas e de entidades que fomenten a colaboración e presten un beneficio social.

Impulsar o banco de tempo xa creado pero abandonado polo actual goberno.

Analizar e dar a coñecer á cidadanía os proxectos de moeda social, xa creados pero descoñecidos para a maioría da poboación local.

Deseñar un programa informativo e formativo sobre técnicas alternativas de financiamento (*crow-*

funding, sistemas de banca ética, etc.)

Liña de acción 4. Sustentabilidade medioambiental e enerxética.

Evolución a un modelo de xestión dos residuos baseado na reciclaxe e na reutilización, abandonando a queima indiscriminada, contaminante e cara de SOGAMA.

Elaboración de auditorías enerxéticas nos edificios municipais para reducir o importe da factura eléctrica municipal.

Promover a rehabilitación enerxética de edificios por barrios.

Promover a contratación de subministradoras de enerxía limpa.

Liña de acción 5. Consumo responsable e solidario.

A economía é oferta, pero tamén é demanda e consumo responsable. Neste ámbito de fomento do consumo de proximidade, de mellora de coñecemento dos produtos e servizos que existen na cidade e no seu entorno por parte da propia cidadanía, hai moita marxe de mellora.

Impulsar a creación de escolas de consumidores e consumidoras como actividade a incluír nos centros socioculturais.

Informar e estimular a creación de grupos de consumo, coa finalidade de establecer políticas de consumo responsable Km 0 con produtores e produtoras do concello.

Fomento do comercio xusto.

Liña de acción 6. Comercio.

Actualizar o Plan estratéxico de comercio lanzado no ano 2009.

Dar a coñecer a bolsa de alugueiro de establecementos comerciais e apoiar o desenvolvemento de actividade comercial, prestando especial atención aos usos do local e á calidade do produto ou servizo a prestar.

Implantar un proxecto de identificación de propietarios e propietarias e de contratación para proxectos colectivos.

Suxerir iniciativas comerciais innovadoras e alternativas para o comercio tradicional, a través de proxectos colectivos.

Coordinación das campañas de dinamización comercial coas campañas turísticas, culturais e de festividades da cidade.

Penalizar a especulación con baixos baleiros no centro da cidade.

Liña estratéxica 2. As persoas diante.

A orientación das políticas públicas en materia de promoción económica e emprego deben ter en conta a diversidade e a igualdade no acceso aos programas de crecemento persoal e empresarial.

Propoñemos un modelo con igualdade de oportunidades real no acceso das persoas ao mercado de traballo e aos procesos de innovación, creación empresarial e planificación estratéxica do desenvolvemento.

Liña de acción 1. Formación.

Manter a realización de cursos de formación ocupacional, escolas-obradoiro, obradoiros de emprego, medindo de forma continua a súa eficacia, e orientándoos aos sectores e actividades estratéxicos recollidos neste programa.

Liña de acción 2. Desemprego.

Adaptar o máximo posible as políticas autonómicas de atención ás persoas desempregadas á realidade do concello.

Impulsar programas de intermediación laboral que teña en conta as necesidades especiais dos demandantes de emprego con diversidade funcional ou en risco de exclusión social.

Vincular os centros de formación profesional da cidade á industria, realizando cursos ponte que permitan adaptar os coñecementos de ciclos xenéricos ás necesidades específicas do tecido empresarial da cidade.

Liña de acción 3. Emprendemento, competitividade e cooperación.

Non é posible ser competitivo sen ser cooperativo. Ser competitivos no mundo actual é ter capacidade para xerar, captar e compartir coñecemento; xerar e coidar activos locais específicos que non poden deslocalizarse ou emigrar; ter unha calidade interna na que a cidadanía e a súa visión global e cosmopolita xoga un papel atraente e cohesivo que é fundamental.

Atender ás necesidades e apoiar a competitividade da industria da cidade alí onde o concello teña competencia (facilitar o acceso aos recursos, organizar foros sectoriais, actuar de intermediario na transferencia de coñecemento entre industria e universidade).

Fomentar formación adaptada á realidade das persoas emprendedoras.

Fomentar e crear soportes (infraestruturas, formación, información, actividades...) para o nacemento de proxectos colectivos e cooperativos que fagan as empresas máis competitivas (“coopetición”).

Crear unha rede de centros de emprendemento colaborativo, aproveitando a rede de centros socio-culturais do Concello.

Crear un banco de intercambio de medios e servizos empresariais, para favorecer o aproveitamento compartido de bens de equipo e servizos asociados aos mesmos entre o tecido empresarial da cidade.

